

vilalba

Farán un aparcadoiro xunto á igrexa de Román a petición veciñal. **Páx. 5**

murax

Abre un novo prazo para solicitar as axudas da luz para o ano 2023. **Páx. 9**

pol

A localidade celebrará o 24 unha nova Festa ó Emigrante. **Páx. 18**

xermade

A vila reunirá en setembro aos mellores profesionais da torneira. **Páx. 21**

begonte

A asociación de Santalla de Pena reclama o arranxo das súas pistas. **Páx. 22**

Músicas de agosto

Catro festivais marcan o programa, que abre Pardiñas, e ao que seguen o 27373 de Begonte, o Pozo Mouro de Muimenta e o PargaRock



Petición de dúas festas de Interese Galego

A Moexmu e a Feira do Capón preparan a documentación para obter a distinción. **Páx. 2 e 20**

Análise da reunión entre Rueda e Tomé

Achegaron posturas sobre infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo. **Páx. 25**

As comisións de festas, de moda no verán

Entrevistamos a catro grupos organizadores das patronais, que nos explican o seu traballo. **Páx. 26-27**

Amuruxe, de Saldanxe



Eva López é a tesoureira da nova asociación da Pastoriza. **Páx. 15**

Luis Tosar



Recibe a Medalla de Ouro de Galicia de mans de Rueda. **Páx. 20**

Coral de Meira



Pablo Rico Echegaray é o novo presidente da Federación Coral Galega. **Páx.23**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

ÚLTIMAS REBAIXAS!

GRANDES DESCONTOS EN GAFAS GRADUADAS,
SOL E VISIÓN

Nº R.S. E-27-000151 / E-27-000153 - Nº R.S. E-15-000124 / E-15-001170



Vilalba 982 51 01 00
981 45 15 04 As Pontes

NOVAS

vilalba

O Concello pedirá o selo de Festa de Interese de Galicia para o Capón

O Concello de Vilalba modificará os orzamentos do 2024 para incluír as subvencións nominativas que recibirán as comisións das festas das parroquias.

O pasado mes de abril, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, que se comprometera persoalmente a solucionar esta demanda veciñal, reuniuse co presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, para pedirlle a colaboración da institución provincial.

O acordo acadado dende a alcaldía coa Deputación permitira outorgar 1.200 euros á comisión de cada pa-

rrroquia, máis dúas festas a aldeas. "Son axudas moi importantes, que sempre se deron e así seguiremos", sostén Marta Rouco.

O Concello de Vilalba solicitará á Xunta de Galicia a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Feira do Capón.

"É unha das grandes citas do ano, unha referencia en toda España, e merece esta declaración", engade a alcaldesa de Vilalba.

Solicitará tamén o mesmo recoñecemento para a Feira do Queixo de San Simón da Costa.

Miguel Barrera será o pregoeiro do San Ramón

A concelleira de cultura, Tamara Rodríguez, vén de anunciar a Miguel Barrera como pregoeiro das Festas de San Ramón e Santa María 2024. Xosé Miguel Barrera Vázquez naceu en Vilalba no ano 1964 e, actualmente, reside en Torrelaguna (Madrid). Comezou a publicar os seus versos en 1985 no xornal local A Voz de Vilalba e é autor dos libros de poesía *Loita de silencio* (1993), *Na árbore do desespero (Derradeiros poemas de Cándida)* (2002) e *Poemas do tempo silenciado* (2006).

Forma parte do denominado Grupo Bilbao de poetas galegos afin-



cados en Madrid e é membro da directiva de Amigos de Prisciliano, movemento cultural fundado en París polo escritor Ramón Chao. Barrera foi o gañador en 2019 do XLV Certame Literario polo seu poemario presentado co título *Poema da rúa das aves*.

Rematadas as obras nas rúas da contorna da praza da Constitución

O Concello de Vilalba rematou os traballos de rexeneración do firme das rúas que rodean a Praza da Constitución e da rúa da Emigración ata a súa intersección coa rúa Luis González Valdesuso.

En concreto, as travesías rexeneradas foron a rúa que une a Praza Suso Gayoso coa rúa José María Ledo Chao, un tramo da estrada que conecta a rúa José María Ledo Chao coa rúa da Emigración, o tramo da rúa Novo Cazón posterior á saída dos aparcadoiros subterráneos e, finalmente, a totalidade da rúa da Emigración ata a súa intersección coa rúa Luís González Valdesuso.

En total, os traballos incluíron o aglomerado asfáltico de arredor de 400 metros de firme ao que antecedeu o levantamento e pulido do firme existente que se atopaba nun notable estado de deterioro.

"O obxectivo é sempre mellorar as infraestruturas públicas e a vida diaria dos veciños e veciñas" sinalou a alcaldesa, Marta Rouco, que ademais lembrou "outras actuacións incluídas no Plan Único con esa finalidade como a rexeneración da travesía que une a Avenida da Terra Chá coa Rúa Mondoñedo, o pintado de varias rúas no casco urbano, e o subministro de luminarias solares".

Pola súa banda, o concelleiro Luis Fernández, asegurou que "a previsión é rematar por completo os traballos nas vindeiras semanas co pintado e a sinalización horizontal de todas as rúas que foron rexeneradas nesta última actuación".

PARQUE DA RÚA EMIGRACIÓN. O pleno aprobou o proxecto para ex-



cutar a renovación do parque infantil situado na intersección entre a rúa da Emigración e a rúa de Ribadeo.

O goberno local presentou dito proxecto a unha convocatoria de axudas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e acadou unha subvención por importe de 35.778,56 euros. A obra incluírá a colocación dunha corda tirolesa de 25 metros de lonxitude, así como a reparación e reinstalación dos xogos existentes, que se complementará co cambio de localización do mobiliario co que conta actualmente o parque infantil.

Para lograr a integración coa contorna, a empresa adxudicataria deberá levar a cabo a retirada da valla perimetral actual, deixando libre o actual acceso dende a Rúa Novo Cazón e engadindo dúas novas entradas na rúa da Emigración e na rúa de Ribadeo mediante unhas soleiras de formigón.

Pola súa banda, os traballos tamén incluírán a demolición e retirada do actual pavimento amortecedor e ás soleiras de formigón que conforman a súa base, para logo instalar un

novo pavimento de seguridade "con acabado de céspede artificial, que se integrará á perfección co aspecto visual das inmediacións do parque", explicou a rexedora vilalbesa, Marta Rouco.

Finalmente, Rouco apuntou que "o orzamento das obras complementárase cunha achega municipal de 15.333,67 euros que permitirán lograr o aspecto desexado e formula- do no proxecto".

CORVELLE. Por outra banda, remataron os traballos de rexeneración levados a cabo polos dous equipos do parque móbil da Deputación sobre a estrada que une o barrio do Maciñeiro co de Viladónega, na parroquia de Corvelle.

En concreto, trátase dunha pista dunha lonxitude aproximada de 600 metros na que foi necesaria a rexeneración completa da capa de rodaxe. Así pois, para proceder á súa rexeneración foi precisa a aplicación de dúas capas de rego asfáltico e tres tipos de áridos de diferentes grosos, acentuándose as actuacións nas zonas máis deterioradas.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES



TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS



TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS



RYS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

A Deputación firma un convenio para investir no Conservatorio

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colabora no funcionamento do Conservatorio Profesional de Música de Vilalba, a través dun convenio de colaboración co Concello de Vilalba. A deputada de Cultura Iria Castro e a alcaldesa de Vilalba Marta Rouco asinaron o acordo, que canaliza unha achega de 15.000 euros destinados a sufragar gastos derivados do funcionamento do conservatorio no que se imparten quince especialidades instrumentais: clarinete, contrabaixo, frauta traveseira, gaita, percusión, piano, violonchelo, saxofón, trombón, trompeta, tuba, viola e violín. Tras a sinatura do convenio, a deputada de Cultura achegouse a coñecer as instalacións do centro, no edificio multiusos do Auditorio Municipal, nas que, ao longo do curso, recibi-



ron formación máis de 60 alumnas e alumnos, de Vilalba e doutros concellos da contorna.

Iria Castro explicou que “a través desta achega colaboramos co Concello no mantemento do conservatorio que, ademais de facilitar a

formación musical a nivel individual, vén contribuíndo desde a súa creación a cultivar a sensibilidade cara a cultura musical en toda a comarca”. Ademais de impartir as especialidades instrumentais, o conservatorio realiza numerosas actividades.

Presentan as escolas deportivas, que abren inscrición en setembro

O Concello de Vilalba abrirá o mércores 11 de setembro, o prazo de inscrición nas escolas deportivas municipais, que permanecerá aberto ata o venres, día 20.

Como cada curso, as escolas deportivas municipais contarán cunha ampla oferta de modalidades, sendo 14 deportes diferentes entre os que poderán elixir as persoas interesadas. Así pois, ofertaranse un total de 662 prazas, divididas nas modalidades de: baloncesto, fútbol, fútbol sala, judo, loita olímpica, tenis, tenis de mesa, triatlón, ximnasia rítmica, rugby, ioga, pilates, ximnasia de mantemento para maiores e patinaxe.

Para inscribirse, as persoas intere-

sadas poderán facelo do 11 ao 20 de setembro, presencialmente no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00, ou se o prefiren a través da sede electrónica ou da web de aluguer de instalacións e inscrición en actividades.

“A oferta é ampla e variada para cubrir a demanda de todo o alumnado pero tamén para ofrecer diferentes alternativas aos nosos veciños e veciñas, a quen animo a que consulten toda a oferta e se anoten naquelas opcións que máis se correspondan coas súas preferencias, pois o deporte é fundamental para manter un estilo de vida saudable”, sinalou a alcaldesa, Marta Rouco.

Cada persoa poderá inscribirse nun

máximo de 3 actividades diferentes, sempre e cando se cubran todas as prazas ofertadas en ditas actividades. Non obstante, en caso de existir prazas vacantes os alumnos e alumnas poderán participar en máis de 3 actividades.

Pola súa banda, o calendario das escolas deportivas municipais coincidirá co calendario escolar local. É dicir, terá unha duración de 8 meses a contar dende a data de inicio das mesmas, sendo a data estimada prevista de comezo o 7 de outubro de 2024 e a data prevista de fin o 7 de xuño de 2025; podendo retrasarse ambas datas en caso de necesidade por motivos organizativos, imprevistos ou de calquera outra índole.

EN BREVE



RECOÑECIMENTO. A Xunta entregou unha medalla de prata de Protección Civil a José Franco Criado, presidente da agrupación de voluntarios de Protección Civil (AVPC) de Vilalba e da Federación Lucense de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. O delegado territorial, Javier Arias, fíxolle entrega do distintivo.



CENTENARIO. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, visitou a Jesús Pernas, o Zapateiro de Goiriz, para felicitalo polos 102 anos. Xunto a alcaldesa, tamén a concelleira Paula Vigo se achegou ata Goiriz para ámbalas dúas transmitirle a súa admiración e felicitacións a Jesús Pernas, quen xa acumula experiencia no club dos centenarios e se converte así no único home vilalbés que supera a centuria.



COLECTOR TÉXTIL. Caritas Diocesana Lugo e Insertega (unha empresa galega de xestión de residuos especializada en téxtil), implantaron dous puntos de recollida de roupa. Estes contedores están situados en dous puntos estratéxicos da capitalidade do municipio, detrás do auditorio e na rúa da Feira.



construfer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



EN BOAS
MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA



SE ATIENDEN
ACCIDENTADOS
DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPT

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

A popular Patricia Teijeiro deixa a acta de concelleira vilalbesa



Patricia Teijeiro comunicou a súa intención de deixar a acta como concelleira do PP no Concello de Vilalba por motivos estritamente persoais que lle dificultan compatibilizar coa axenda política.

Os seus compañeiros do Grupo Municipal Popular no Concello de Vilalba queren agradecer todo o traballo realizado durante estes meses por esta compañeira na defensa dos intereses de Vilalba e dos vilalbeses.

Tamén destacan a xenerosidade amosada trala súa renuncia ante as dificultades amosadas para exercer as labores de concelleira como considera que merece o cargo.

No seu lugar toma posesión a seguinte integrante da lista electoral, Aida de Vicente Debasa.

PISCINA. Os concelleiros do PP de Vilalba fanse eco das queixas dos usuarios polos graves incidentes nas novas piscinas exteriores da Madalena recentemente inauguradas polo goberno local. O chan é moi rugoso e chega a provocar, incluso, feridas nos pés dos nenos e nenas.

O Grupo Municipal Popular esixe ao goberno bipartito tomar medidas de forma urxente e dar explicacións aos vilalbeses e vilalbesas do que pensa facer ao respecto. Así mesmo, solicitarán formalmente ao Concello acceso ao expediente das novas piscinas.

Os populares explican que “todo

parece indicar que o tratamento antideslizante do vaso das piscinas é moi abrasivo” e no caso da piscina dos máis pequenos é onde máis se acentúan os efectos negativos sobre os usuarios porque “a maior parte do tempo están facendo pé”. Os concelleiros recibiron queixas de nenos e nenas que “saíron cos pés sangrando ou que gastaron o fondo das chancas que levaban vestidas”.

O Grupo Municipal Popular tamén pide ao bipartito de PSOE e Vilalba Aberta que “realicen o debido mantemento das zonas abertas ao público” ao apreciar que a terraza está chea de maleza.

URBANISMO. O Grupo Municipal Popular pediu tamén a creación dunha comisión informativa sobre asuntos competentes ás áreas de mobilidade e urbanismo na que estean representados os catro partidos da corporación local “para debater asuntos relacionados con estas áreas que nos trasladan os veciños e veciñas, especialmente os relacionados co tráfico urbano ante os últimos anuncios de cambios no sentido da circulación da rúa da Pravia ou as novas zonas de aparcamentos con zona azul”.

Así mesmo solicitou ao equipo de goberno que revise o estado de tódalas vías de titularidade provincial que transcorren polo municipio e esixan á Deputación de Lugo o seu arranxo.

Incorporan sete traballadores para o mantemento na Madalena

Os sete traballadores que superaron as probas selectivas da bolsa de emprego convocada polo Concello de Vilalba nas pasadas semanas veñen de incorporarse aos seus postos de traballo, vencellados á xardinería.

En concreto o cadro de persoal está conformado por 2 oficiais e 5 peóns de xardinería que centrarán as súas actuacións no mantemento da área recreativa da Madalena e do paseo fluvial, onde xa se atopan traballando dende comezos da presente semana.

Dita contratación, con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, súmase á inversión do Concello de Vilalba en nova maquinaria para que o persoal de xardinería dispoña das ferramentas necesarias para acometer as súas actuacións.

Así pois, tamén con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental,



o Concello vén de adquirir dúas motoserras profesionais, unha motoseerra de man, unha motoseerra telescópica, un cortasetos de man, un cortasetos telescópico, catro desbrozadoras profesionais de man, dúas motoserras profesionais dunha sola man, un corta

césped e un soprador accionado a gasolina.

Unha inversión total de 193.342,76 euros para “manter os nosos espazos verdes coidados, preservando e poñendo en valor o patrimonio natural do noso municipio”, explicou a rexedora, Marta Rouco.

EN BREVE

SAN SIMÓN DA COSTA. Do 16 ao 18 de agosto, San Simón da Costa celebra a súa festa na honra á Nosa Señora. A xornada dará comezo o venres 16, ás 10.00 cunha churrascada popular gratuíta, ademais de actuacións musicais de Tania Veiras e Los Cumbiapop. O sábado, ás 13.30 horas, celebrárase unha misa solemne con procesión e para continuar unha sesión vermú amenizada pola orquestra D. Noche, que terá dobre sesión na verbena da noite xunto a New York. O domingo, a sesión relixiosa será á mesma hora e Fuxion Latina será a encargada da sesión vermú de fin de festa.

NAUSTI. A Asociación veciñal ARC Nausti celebra o 15 de agosto a XI edición da Comida de Portariz, que se desenvolverá a partir da 13.30 horas coa actuación do grupo de música tradicional AC de Andrade. A continuación está prevista a sesión vermú. O xantar, ás 14.30 horas, terá como menú empanada,

lación asado, churrasco, polbo, sobremesa e café, todo a un prezo de 36 euros para socios e 42 para non socios cos nenos gratis ata os 12 anos (15 euros a partir desa idade). O catering ten que reservarse antes do 11 de agosto cos membros da asociación. Ademais, do xantar haberá a media tarde un baile amenizado polo dúo Pedriñas.

ÁRBOL. A parroquia de San Lorenzo de Árbol celebra as súas festas a partir do 10. As celebracións darán comezo mañá sábado 10 de agosto cunha misa con procesión ás 13.30 para continuar cunha sesión vermú a cargo do grupo Lume. A verbena da noite contará tamén coa actuación da orquestra Tango á que se unirá de novo o grupo Lume. O domingo a xornada volverá comezar coa misa con procesión ás 13.30. Contará esta coa actuación do grupo Cerna de Árbol. As festas rematarán coa sesión vermú e a verbena amenizadas pola orquestra Salsarena.

Comeza o proceso sancionador aos solares sen limpar

Os servizos municipais veñen de iniciar o procedemento sancionador polo cal os propietarios que manteñan os solares urbanos sen limpar terán que pagar multas de 200 a 400 euros

Unha vez finalizado o prazo voluntario, dende o Concello abríronse 10 expedientes para notificarlle á veciñanza a imposición dunha primeira multa de 200 euros por non cumprir coa súa obriga e a necesidade urxente de limpeza

No caso de que os solares continúen sen limpase, o segundo requirimento suporá unha sanción de 400 euros, á que se sumará unha multa coercitiva cada semana ata lograr o total cumprimento da limpeza da parcela

Ademais, durante a presente semana a Policía Local revisará de novo os solares urbanos para comprobar cales continúan sen acondicionar e tramitar aqueles expedientes que correspondan.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Farán un aparcadoiro xunto á igrexa de Román a petición veciñal

O tenente de alcalde Modesto Renda anunciou que o Concello dará solución á situación de risco que se dá no barrio da Igrexa de Román cando os veciños se vén obrigados a estacionar os seus vehículos ó longo da estrada por non teren espazo suficiente para aparcarse nos días de máis afluencia ao cemiterio, á igrexa e á casa escola da parroquia.

E farán subvencionando nun 100 % o custo das obras de acondicionamento e pavimentación dun aparcadoiro público, nuns terreos de titularidade da Asociación de Veciños Santa Eulalia de Román.

A través dunha xuntanza aberta á veciñanza da parroquia, Renda explicou que o Concello “fixo xa o pago dun anticipo do 80 % do total que suporá a obra” e que esta dará comezo “cando se reciba a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio”.

O orzamento contemplado no proxecto é de 15.000 euros e esta nova infraestrutura pública suma 1.970 metros cadrados dedicados integramente a estacionamento de vehículos.

Renda tamén detallou varios aspectos da actuación, explicando que a



execución da obra de acondicionamento comezará co desmonte do terreo nun “espesor medio de 15 cm, coa lóxica e consecuente explicación e compactación”. Finalmente terá lugar a subministración, estendido e compactado dunha capa de “grava artificial de 0/25 e outros 15 cm de espesor”.

ÁRBOL E CORVELLE. Por outra banda, remataron as obras de rexeneración e mellora da vía de acceso ó barrio de Picoi, en Árbol.

É esta unha máis que necesaria actuación, que dende a área de Infraestruturas Rurais se incluíu no Plan Único (correspondente á anua-

lidade 2024) e cuxo custo total ascendeu aos 10.714 euros.

Renda, que contrastou o resultado coa veciñanza, lembrou que esta nova obra era “unha das máis solicitadas pola veciñanza da parroquia” e volveu facer fincapé na necesidade de “dar resposta ás demandas dos veciños do rural como obxectivo irrenunciábel do Goberno Municipal”.

Así, tamén remataron os traballos de rexeneración do acceso á Abelaira, en Corvelle. Esta nova obra tivo un custo total de 12.400 euros e o financiamento da mesma será con cargo ao Plan Único da Deputación correspondente á anualidade 2024.

Adxudican a obra do aire acondicionado na Escola Infantil

Foron adxudicadas as obras que se levarán a cabo no edificio da Escola Infantil Municipal, situado na Rúa de Ribadeo, para proceder á colocación dun sistema de climatización e ventilación que permitirá dotar ás instalacións de aire acondicionado.

O contrato das obras quedou adxudicado á empresa Cofrico SL por un valor de 54.045 euros, con cargo ao Plan Único de Cooperación cos concellos da Deputación de Lugo. De tal forma que a empresa adxudicataria contará cun mes para a execución das obras, garantindo a instalación do sistema de aire acondicionado para este mesmo verán.

As obras incluírán a instalación e conexión dun sistema de climatización e ventilación nas aulas da planta baixa do edificio, concretamente nas de 0 a 1 anos e na de 1 a 3 anos. Ademais, o aire acondicionado tamén se instalará na zona común de xogos e nos despachos.

Premio para tres queixos de Entrepinares

O queixo Tostado añejo de Queerías Entrepinares foi galardoado coa medalla de ouro na categoría Queixos Españois de mestura, no prestixioso concurso International Dairy & Cheese Awards 2024. Ademais, outro queixo do Grupo resultou premiado na mesma categoría durante o certame. Trátase do Mezcla Curado, que obtivo o galardón cunha medalla de bronce. O Tostado Añejo, de 20 meses de maduración, alcanza así un novo éxito. Desde que en 2018 foi cualificado como un de 14 mellores queixos do mundo, a súa popularidade entre os consumidores non deixou de crecer, permitindo que gocen dun produto elaborado con leite da máxima calidade, e cuxa produción contribúe a apoiar ao sector primario e aos produtos de orixe local.

O Mezcla Curado, que se levou o terceiro premio, é un queixo de maduración media, que se elabora con leite pasteurizado de vaca, ovella e cabra. Cun sabor equilibrado, lixeiramente doce e salgado con ausencia de amargor, presenta un equilibrio post-gusto de aromas redondos, limpos e afrutados e supón un éxito de vendas dentro dos produtos do Grupo.

Á súa vez, a empresa valisoletana tamén conseguiu outra medalla de ouro na categoría Queixos de Ovella, co seu queixo de Ovella IGP Castellano. Elaborado con leite pasteurizado de ovella e de maduración media, destaca polo seu sabor agradable, redondo e con notas de torrefacto que se fai perfecto para que o consumidor perciba a súa textura elástica e soluble en boca

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
 ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
 CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
 Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 – 982 523 601
 619 41 53 56 – 650 61 12 60

ALÉN



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

Camino Praia Fluvial, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.900m ² Solar para edificar vivanda unifamiliar.	36.000€
Cidade de Viveiro 1, Vilalba Local 140m ² En Vilalba (Lugo), se vende entreplanta de 133 metros cuadrados útiles, dividido en varias estancias y con dos aseos instalados. Está acondicionado como academia. Dispone de calefacción de gas ciudad y es muy luminoso ya que tiene muchas ventanas a la calle, al ser un local en esquina. Esta situado al comienzo de la calle Ciudad de Viveiro, cerca del Mercadona.	85.000€
Plácido Peña 3, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 107m ² En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor.	107.000€
Campo de Puente, Vilalba Edificio de uso mixto 563m ² En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.	120.000€
Calle Galicia, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 112m ² En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, con orientación oeste, de tres habitaciones, sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero.	113.000€
Plaza Coronel Pena, Vilalba Casa / Chalet independiente 10 Dorm 2 Baños 369m ² Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la c) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.	239.000€
Novo Cazón, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 120m ² En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, muy próximo a la plaza que está delante del Ayuntamiento. Tiene 4 habitaciones y sala, cocina sin amueblar y 2 baños. La vivienda dispone de ascensor con cota cero.	52.000€
San Simón - Besta de Abaixo, Vilalba Casa rural 4 Dorm 1 Baño 241m ² En la parroquia de San Simón, municipio de Vilalba (Lugo), se vende casa rural independiente, con fachada en piedra, de 240 metros cuadrados. El interior de la misma precisa ser reformado. A mayores y al margen de la casa hay un almacén de 88 metros cuadrados. La finca, donde se ubican las construcciones, tiene una superficie aproximada de 4.100 metros cuadrados.	65.000€
Alcalde Fraga Bello, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 145m ² En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, próxima al ambulatorio de la localidad, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual, ascensor, amplia terraza cubierta, una plaza de garaje en el sótano del mismo edificio y dos trasteros, uno de ellos acondicionado como oficina.	93.000€

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

O pontés Manuel Escourido representará á UDC na xunta directiva do Clúster da Moda

O coordinador do grao en Xestión Industrial da Moda, o pontés Manuel Escourido, representa á Universidade da Coruña na nova xunta directiva de Cointega – Clúster Gallego Textil Moda, logo da asemblea xeral que tivo lugar en Santiago de Compostela e na que o empresario téxtil Javier Guerra foi nomeado presidente en substitución do fundador e propietario da empresa Alba Conde, José Antonio Conde, quen levaba 38 anos á fronte da patronal téxtil galega.

Tal e como indican desde Cointega, o cambio de presidente preséntase como un momento refundacional para a entidade, quen modificou a súa denominación, os seus estatutos e a súa composición para dar cabida a un maior número de empre-



sas e representar a realidade actual da industria da moda en Galicia. Deste xeito, a patronal téxtil galega, que mantén a súa sede en Vigo, determina cinco novas tipoloxías de asociados e asociadas.

Inician obras en vías de Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal

O Concello das Pontes iniciou, a semana pasada, os traballos de mellora dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramalla-Louseira co obxectivo de dotalos dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico.

A través destas actuacións, o goberno local continúa co seu proxecto para mellorar as infraestruturas do ámbito rural, favorecer a calidade de vida da veciñanza, que sumadas ás actuacións xa levadas a cabo e as previstas acometer nos próximos meses, permitirán avanzar cara un municipio máis accesible, cómodo e seguro.

Os traballos, cun orzamento de 23.689 euros, financiados a través



do POS da Deputación da Coruña, permitirán a mellora e substitución da actual capa de rodadura para o que será preciso levar a cabo actuacións de varrido de superficie e limpeza de marxes, ademais procederase ademais á limpeza das cunetas e á

eliminación de vexetación que invade as vías. Por outra banda, naquelas zonas da estrada que se atopan afundidas, realizarase un bacheado previo mediante a achega de pedra e a selaxe mediante unha rega con grava miúda.

A parroquia de Ribadeume comeza o venres 9 de agosto as súas festas

Ribadeume, nas Pontes, dá comezo o venres ás súas festas na honra a Santa María e San Roque cunha verbena amenizada polos grupos Son II e Origen.

O sábado será o grupo Fussion o encargado da sesión vermú e tamén da verbena, na que estará ademais Foliada D'Ases.

O domingo día 11 a xornada dará comezo ás 13.15 cunha misa cantada por Airiños da Capela para continuar coa sesión vermú longa amenizada polo grupo Pasión.

O xoves 15 de agosto haberá unha sesión vermú prolongada a cargo do dúo Karamelo despois da misa solemne, prevista para as 12.00 horas. Dende a organización informan que o campo da festa estará cuberto e que haberá atraccións para os nenos.

O Concello asina os convenios cos colectivos Cohempo e Seara

A concelleira de industria, Ana Pena, e a concelleira de promoción económica, Elena López, asinaron en representación do Concello das Pontes os convenios de colaboración con José Castro, da Asociación de Empresarios Seara, e con Montserrat Gastelu, da Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Cohempo.

A través destes convenios o goberno local quere amosar o seu compromiso co tecido empresarial do municipio, promovendo e apoiando as actividades levadas a cabo polas dúas entidades a prol da economía local e a dinamización e unión empresarial, tanto a través do fomento da cultura emprendedora como impulsando o comercio de proximidade, a hostalaría e sector servizos no seu conxunto. A asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses



(Cohempo), ó abeiro deste acordo, recibirá unha achega de 45.000 euros, para a posta en marcha de campañas e actividades de dinamización para as empresas asociadas, cursos de formación e talleres, gastos xerais e investimento para o ano 2024.

No caso da Asociación de Empresarios Seara, o Concello das Pontes achegará 38.500,00 euros, para

o financiamento do programa de asesoramento a emprendedores e consolidación de proxectos empresariais, as actividades da Rede de Autónomas e Empresarias, o servizo de consultaría sobre axudas e subvencións, o programa de asesoramento financeiro así como para facer fronte aos gastos xerais e investimento da entidade durante o ano 2024.

Á venda as entradas para o concerto de Chica Sobresalto

Maialen Gurbindo é Chica Sobresalto, un alter ego co que a artista decidiu revolucionar o panorama musical dos últimos anos. Ofrecerá un concerto nas Pontes en outono dentro da xira Plutón. As entradas están xa á venda na dirección habitual.

O concerto será o 19 de outubro ás 20:00h no Auditorio Municipal Aloví. Unha capa e un traxe de superheróina acompañaron a Maialen Gurbindo cada vez que se subiu a un escenario desde que deu vida a Chica Sobresalto. Un traxe co que aínda que non loitou por manter a orde e a xustiza contra os viláns, si conseguiu salvar a través das súas cancións. Tras o seu paso por OT e cunha pandemia por medio, Chica Sobresalto publicou o seu segundo disco aínda que para moita xente era o primeiro co que se daba a coñecer.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



Adjudican a demolición da central para os próximos catro anos

Endesa vén de adjudicar á empresa biscaíña Lezama Demolicións o contrato para o desmantelamento da central de carbón das Pontes. A gañadora do concurso lanzado pola eléctrica é unha compañía especializada neste tipo de traballos e foi seleccionada pola súa oferta técnico-económica, na que se inclúe unha aposta decidida polo mantemento do emprego local con ata un 80 % da contratación total. Este contrato é unha parte dos traballos necesarios para o desmantelamento completo da central das Pontes que vai supoñer un importe da contorna dos

60 millóns de euros e estímase que as obras para liberar os preto de 600.000 metros cadrados da térmica prolongúense durante os próximos catro anos, cunha media de 130 traballadores nas mesmas. Para primar a man de obra local, terase en conta ás persoas que pertencían ás compañías auxiliares da central térmica, os desempregados que proveñan dos municipios incluídos no convenio de transición xusta e os alumnos que completasen os cursos de formación que se están desenvolvendo en base a un convenio coa Consellería de Emprego da Xunta

de Galicia e o Concello das Pontes. Neste sentido, está previsto que se impartan 4 edicións dun curso específico de Desmantelamento de Instalacións Industriais, destinado a un total de 200 persoas da contorna local, con prioridade a aquelas directamente afectadas polo peche e que se atopen inscritos na Bolsa de Transición Xusta. Actualmente xa se está levando a cabo a segunda edición. Ademais, como parte do plan de futuro para a vila mineira, previu-se que se impartan catro cursos en O&M de plantas renovables de enerxía fotovoltaica e eólica, que



terán unha duración de 90 horas e que capacitará aos interesados para os futuros traballos vinculados ao novo desenvolvemento renovable que Endesa proxectou para a comunidade. O desmantelamento e a demoli-

ción de todos os edificios, instalacións e equipos da central levará a cabo seguindo principios de economía circular, co obxectivo de valorización de materiais por encima do 90 % e a obtención final dun certificado de residuo cero.

Asinado o convenio para impulsar o asentamento da Zona Franca

O Concello das Pontes, a Zona Franca de Vigo, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra (Cofer) e a Asociación de Empresarios Seara rubricaron hoxe un acordo de colaboración para establecer un marco de traballo común entre os catro axentes implicados.

A sinatura deste convenio tivo como escenario o Centro de Dinamización Empresarial de Penapurreira ata onde se trasladaron o alcalde, Valentín González Formoso; o delegado especial de Zona Franca de Vigo, David Regades e o presidente de Seara, José Castro, e onde contaron coa presenza dun nutrido grupo de empresarios e empresarias.

Tal e como salientou o primeiro edil, "a Zona Franca de Vigo foi creada para impulsar a economía de todo o Noroeste de España, polo que pode xogar un importante papel na reactivación industrial da comarca". De feito, González Formoso apuntou que "malia situarse en Vigo, a Zona Franca non ten porqué ter limitado o seu ámbito de influencia tan só á cidade olívica ou á provincia de Pontevedra, xa que pode estender os seus lazos ao noroeste da Península", de aí que



subliñase o papel que pode xogar As Pontes e os concellos de Ferrolterra para que esta empresa pública aterre na provincia, ao entender que "o importante non é onde se sitúe o cerebro desta empresa, senón a onde pode chegar o seu ámbito de actuación e os seus recursos".

engadido, "a xoia da croa", no territorio para o achegamento de proxectos industriais, particularmente os de ámbito enerxético, "e sería un garante real de desenvolvemento industrial a través do concurso público para o seu uso". Durante o proceso de peche da central, este criterio foi mudado, anunciando Rede Eléctrica a eliminación de dito acceso "sen que por parte do Miteco se dese una explicación coherente de por que coa central térmica activa existía esa capacidade de evacuación e co seu peche se anula, perdendo así a localidade un dos grandes motores para a súa reindustrialización". A CIG continúa a exigir a reposición dos 1.400MW e a realización da poxa pública para o seu uso.

A CIG reclama manter os 1.400 MW de evacuación do nó

Anunciouse o período de exposición do concurso público para a concesión de acceso á rede de enerxía eléctrica en Meirama (220KV). "Pero a concesión de dita convocatoria non repón toda a capacidade de acceso que tiña asignada central térmica". A CIG non comparte esta decisión política e denuncia esta situación xa que esa perda afecta á reindustrialización futura do territorio.

Ademais, publícase a concesión de acceso a rede en Meirama "mais non se deu contestación á reivindicación da CIG de manter os 1.400 MW de acceso á rede nas Pontes e sacar a concurso público dita capacidade", advirte Alberte Amado. A CIG subliña que ante o anuncio do peche da central térmica de Endesa nas Pontes, a finais de 2019, o acceso á rede era o valor

engadido, "a xoia da croa", no territorio para o achegamento de proxectos industriais, particularmente os de ámbito enerxético, "e sería un garante real de desenvolvemento industrial a través do concurso público para o seu uso". Durante o proceso de peche da central, este criterio foi mudado, anunciando Rede Eléctrica a eliminación de dito acceso "sen que por parte do Miteco se dese una explicación coherente de por que coa central térmica activa existía esa capacidade de evacuación e co seu peche se anula, perdendo así a localidade un dos grandes motores para a súa reindustrialización". A CIG continúa a exigir a reposición dos 1.400MW e a realización da poxa pública para o seu uso.

A CIG continúa a exigir a reposición dos 1.400MW e a realización da poxa pública para o seu uso.

CASTRO RIBEIRAS DE LEA

FESTAS NA HONRA A SAN ROQUE E DULCE NOME DE MARÍA

OS DÍAS 2 - 3 - 4 - 5 DE AGOSTO DE 2024

VENRES 2 22:00 h.: **II CHURRASCADA VECIÑAL**
Seguidamente Verbena con
LOS ESPAÑOLES
D.J. MACHITO

DOMINGO 4 11:30h.: Pasarrúas por toda a Vila da Charanga **555**
13:30h.: Misa Solemne e Proceción.
14:15h.: Pregón a cargo de Dña. Leticia Regueiro - Doutora en enxeñaría química e socia en Medrar Smart Solutions.
14:45h.: Sesión Vermú a cargo **STEREO**
16:15h.: Continuación da Sesión Vermú a cargo de **FESTICULTORES TROUPE**
18:30h. ata 21:30h.: Festa da Espuma, Hinchables, Toro mecánico etc...
22:30h.: Comenzo da Verbena a cargo das Orquestras
01:30h.: Sesión de Fogos Artificiais / 02:00h.: Continuación da Verbena

SÁBADO 3 12:30h.: Pasarrúas e actuación da Agrupación **OS VALUROS**
13:30h.: Misa Solemne e Proceción **TREBOL**
14:15h.: Sesión Vermú a cargo da Orquestra
18:30h.: Xogos tradicionais e animación para nenos/as e maiores.
22:30h.: Comenzo da Verbena coas Orquestras
NEW YORK **TREBOL**

LUNS 5 13:30h.: Misa Solemne
14:30h.: Macro Sesión vermú a cargo da orquestra **PRINCIPAL**
15:30h.: **DISCO MÓVIL HERMO**
6 horas de música sen descanso
22:30h.: Verbena a cargo das orquestras **PRINCIPAL**
COMBO DOMINICANO
COLABORA CONCELLO DE CASTRO DE REI
A COMISIÓN DE FESTAS AGRADECE ENORMEMENTE A VECIÑOS E EMPRESAS A SÚA COLABORACIÓN

EN BREVE



ALFOMBRA FLORAL. Santiago volveu contar este ano cunha fermosa alfombra floral para conmemorar o día grande das festas na capital e que se fixo diante do hostel dos Reis Católicos. Novamente o grupo Pétalos das Pontes participou neste evento xunto a membros do centro San Pablo de Mondoñedo.



COMARCA DO EUME. A concelleira de Turismo, Elena López, participou na Deputación da Coruña na presentación da plataforma de recollida de datos turísticos da comarca do Eume, unha iniciativa que forma parte dunha actuación contemplada no Plan de Sostibilidade Turística Fragas do Eume, promovido pola Deputación da Coruña e financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola UE.



BANDEIRA AZUL. O Concello das Pontes izou a bandeira azul na praia do lago, un galardón que concede anualmente dende 1987 a Fundación para a Educación Ambiental a praias e portos que reúnan unha serie de condicións ambientais e instalacións.

Blanco salienta a transformación das Pontes coas axudas do Estado

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, aproveitou a súa visita ao concello de Cerceda para poñer en valor a contribución dos 20 millóns de euros adjudicados dos Fondos de Transición Xusta á transformación das comarcas de Cerceda e As Pontes, afectadas polo feche das centrais térmicas.

O delegado informou de que o Instituto para a Transición Xusta, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, vén de conceder 8 millóns de euros para proxectos industriais en Galicia. “No caso de Cerceda, falamos de máis de 3 millóns para iniciativas relacionadas coa valorización de residuos, un ámbito no que xa é referente este concello, e



a produción de biodiésel, entre outras”, apuntou. Pedro Blanco sinalou que estas axudas, que se suman aos 12 millóns para a mellora das infraestruturas dos concellos afectados polo feche das centrais térmicas, son unha mostra máis do

compromiso do Goberno co emprego nestas comarcas “20 millóns en total que son unha aposta pola transformación do modelo produtivo por outro máis sustentable e respectuoso co medio ambiente e coa fixación de poboación no rural”.

Abre un novo prazo para pedir as axudas escolares

O Concello destinará 40.000 euros ao programa municipal de axudas para a escolarización, dirixidas a atender os gastos orixinados polo inicio do curso escolar 2024-2025. Estas achegas están destinadas a atender os gastos de adquisición de libros, material escolar, material informático e material para o conservatorio do alumnado de Educación Infantil (1º e 2º ciclo), Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria (ESO), bacharelato, ciclos formativos (FP) e estudos no Conservatorio de Música. No caso do alumnado de Educación Infantil, de 0 a 3 anos, a axuda poderá alcanzar os 30 euros. Para Educación Infantil, de 3 a 6 anos, a contía elévese a 100 euros, ao igual

que para Educación Primaria e Secundaria. Os ciclos Formativos e o Bacharelato subvencionarase con ata 140 euros e o alumnado matriculado en FP básica recibirá axudas de 80 euros mentres que o alumnado de grao elemental do Conservatorio recibirá unha achega de 40 euros e a axuda para o alumnado de grao superior ascenderá a 60 euros.

Para solicitar estas achegas é necesario figurar no padrón das Pontes, ter uns ingresos anuais que non superen os 22.500 euros. As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica ou no rexistro xeral do Concello en horario de 08:30 a 13:30 horas, ata o 12 de agosto.

Amigus organiza o campamento de verán tecnolóxico

Amigus presentou unha nova edición do seu campamento de verán de ciencia e tecnoloxía 2024, que este ano presentará dous cambios. Primeiro, que se traslada do habitual Lar ó local do polbo, a carón do parque da Fraga, e tamén atrasa a súa celebración ata a terceira semana de agosto. O campamento terá unha duración de 5 días, de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas e as inscricións están abertas. Como vén sendo habitual, as rapazas e rapaces entre 5 e 14 anos poderán descubrir a ciencia na cociña, aprenderen interactivamente sobre botánica, ou descubrir sobre o cosmos no planetario inchable. Por suposto tamén programarán e montarán distintas placas de programación, farán experimentos ou mesmo manualidades.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com



Aguías acolle unha mostra fotográfica sobre a malla de Antón Beiras

Moita emoción na apertura da exposición de fotografías de Antón Beiras na aldea das Aguías, o primeiro proxecto do colectivo Legado Activo Beiras Cal. Esta mostra pretende darlle continuidade ao compromiso do oculista Antón Beiras e a pedagoga Antía Cal coa súa terra, co progreso e os valores da tolerancia e a democracia. Por iso no acto de inauguración da mostra tivo especial relevancia Beatriz Beiras Cal, a filla destes dous persoeiros de Muras. A mostra leva por título A malla de Pascual, 1957 e poderá visitarse ata

o 27 de outubro nunha antiga caseta de Correos dun mesón que foi recuperada para a ocasión e que está situada na estrada que comunicaba Lugo con Viveiro. Alí estivo tamén Luz Guerreiro, neta de Pascual, o gran protagonista da mostra. A exposición fotográfica *A Malla de Pascual 1957* reúne unha serie fotográfica realizada por Beiras na eira da casa dos de Pascual e agora exhibese por vez primeira onde foron tiradas e onde os seus protagonistas realizaban unha das tarefas do campo máis importantes para o súa subsistencia.

Abre un novo prazo para solicitar as axudas da luz

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou mediante un bando que hoxe, día 1 de agosto abre o prazo para solicitar, un ano máis, as axudas ao pago da factura da luz, que foron aprobadas polo Pleno. Ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos cunha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima contía o tope en fogares será con rendas inferiores a 15.000 euros.

Estas novas axudas volverán que se convocan todos os anos en febreiro, cobren os gastos do ano 2023. O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, manifestou que "estas



axudas é o sétimo ano que se aproban e supoñen unha axuda importante xa que por exemplo para un negocio pode supoñer a axuda o custe de dous meses de electricidade".

As persoas que as soliciten deberán presentar o documento de solicitude e o DNI acompañado das facturas do ano 2023, o certificado da conta bancaria para o ingreso, copia do IRPF de 2022, copia dos certificados de todos os ingresos e estar ao día nas obrigas tributarias. O prazo remata o día 31 de agosto.

EN BREVE

RUTA CABALAR. O Concello de Muras acollerá o 3 de agosto unha nova edición da ruta cabalar que organiza a Asociación Atila en colaboración co Concello. Nesta participase a cabalo ou a pé. A ruta terá a súa saída ás 10.00 horas e contará con pinchos a media mañá. A clausura será nun xantar servido polo bar Rochela de Vilalba, que ofrecerá un menú a base de empanada, polbo, churrasco, sobremesa, café e licor. Pola tarde haberá actuación musical e xogos para todos os públicos, ademais de agasallos para os participantes.

ASTRONOMÍA. A Sociedade Galega de Historia Natural e a Asociación Fotografa Ferrolterra organizan en Muras unha nova noite gratuítas de observación astronómica para familias na noite do 10 ao 11 de agosto, con acampada incluída se se desexa para ver as Perseidas. O lugar elixido é un emprazamento único en Galicia, xa que o ceo desta localidade luce conta co distintivo de Destino Turístico Starlight polos seus baixos niveis de contaminación lumínica. A sesión comezará ás 22:30 horas coa contemplación dos ceos, especialmente sobre a choiva de Perseidas.



07
AGOSTO

19
HORAS

CAMPO DE FÚTBOL
MUNICIPAL DE POL



CONCELLO DE POL

EN BREVE



DÍA DO MAIOR. Un ano máis, xa van 31, o pavillón de Friol acolleu a celebración Día do Maior cun xantar no que participaron centos de veciños, que puideron desfrutar dun menú galego en plenas festas patronais. Na celebración, patrocinada e organizada polo Concello de Friol, non faltou a festa, a conversa e o recoñecemento aos maiores do termo municipal.

CONCILIACIÓN. O Concello de Friol ampliou o servizo de madrugadores tamén durante o verán para axudar a conciliar a vida familiar e laboral. Para as familias interesadas no mesmo, ata o venres 30 de agosto levarase a cabo no edificio anexo ao PAI (aula de madrugadores). As inscricións poden facerse nas oficinas do Concello de Friol ou no correo info@concellodefriol.es.

ESPECTÁCULO. A casa da cultura de Friol acollerá o domingo 4 de agosto un espectáculo de música a cargo de Zoelas co título *Des(a) fiada. Tecendo música, fiando memoria*. Como en case todas as

historias, sempre hai dúas caras dunha mesma moeda. A muller ao longo dos tempos, tocoulle case sempre ficar na cara non protagonista, na menos visible, pero non por iso na que máis doado resulta habitar. O proxecto-espectáculo pretende analizar cal foi a posición da muller no rural de Galicia nos grandes acontecementos da historia a través dos seus propios testemuños.

RAPA DAS BESTAS. A comunidade do monte veciñal de Carballo viviu a súa tradicional Rapa das Bestas, unha actividade que forma parte dun proxecto que naceu co orgullo de colaborar na recuperación do Cabalo Pura Raza Galega. A celebración tivo lugar no curro de Sete Fontes coa colaboración de voluntarios e veciños, que recolleron o gando do monte, que se contou con decenas e ante centos de persoas. A parte máis espectacular foi a separación dos poldros e a pelexa corpo a corpo entre aloitadores e bestas para realizar os axeitados tratamentos sanitarios.



O Concello adquire contedores para o rural e unha desbrozadora

O Concello de Friol vén de adquirir 35 contedores verdes de 800 litros para a recollida de residuos nas parroquias, elementos que eran moi necesarios debido a que moitos dos existentes estaban en mal estado debido ao seu uso e a que están expostos ás inclemencias meteorolóxicas. Este material foi subministrado pola empresa Galicia Solucións Globais SLU por un importe de case 8.000 euros.

Tamén se fixo con unha máquina destinada ao servizo de medio ambiente, unha desbrozadora de brazo, moi necesaria para facilitar os labores de mantemento das estradas municipais. A compra de esta máquina e dos contedores supón un importe de arredor dos 50.000 euros.

A adquisición de todo o detallado por parte do Concello de Friol é posible grazas a unha orde de axudas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza, pola que se convocaron subvencións a



través do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia.

Todo este material e maquinaria será de moita utilidade para os veciños e veciñas, así como tamén para os traballadores do Concello de Friol, xa que poderán cambiar os contedores que están en mal estado nas distintas parroquias, e tamén poderán facer dun xeito mellor e máis doado a limpeza de maleza das pistas municipais, para facilitar o paso polas

mesmas a todos os veciños e veciñas de Friol, e tamén de todas as persoas que se acheguen ou pasen polo municipio.

Para o Equipo de Goberno isto é algo moi importante, e como di o seu alcalde José Ángel Santos "temos que intentar aproveitar todas as axudas dispoñibles para renovar o material existente e facernos con maquinaria nova que facilite o traballo diario de mantemento do municipio de Friol".

José Ángel Santos ocupará a viceportavocía do PP

Os deputados populares Demetrio Salgueiro e José Ángel Santos ocuparán a viceportavocía primeira e segunda, respectivamente, no novo reparto de función do Grupo Provincial Popular trala saída de Carmen José López que, ata agora, exercía de vicevoceira primeira.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, explica que este novo reparto de funcións "é o resultado do consenso dentro do equipo e ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento do traballo do mellor xeito e cunha rigorosidade máxima". Antonio Ameijide referencia esta decisión do Grupo Popular e afirma que

"son as persoas idóneas para asumir estas funcións dado o seu amplo coñecemento da xestión municipal, do funcionamento da Deputación e da provincia de Lugo".

Este acordo de todos os deputados populares realízase na procura "do mellor para a provincia" xa que "tal e como dixemos dende o día que tomamos posesión realizamos unha oposición construtiva, dando prioridade aos intereses de todos os veciños da provincia".

Así mesmo aproveitaron esta reunión para organizar o traballo do equipo provincial na zona máis occidental da Mariña lucense, partici-



pando nesta reunión representantes alcaldes e voceiros do entorno. "O motivo de descentralizar as reunións de traballo e desprazar a todo o grupo provincial de xeito habitual pola provincia é coñecer de primeira man a situación real de cada comarca o que reforza a relación de apoio do Grupo provincial co resto de grupos municipais e compañeiros da provincia", sinalou.





Marta Bravo gaña o Concurso de Pintura Rápida ante 31 artistas

No XVI Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade anotáronse 31 artistas, un dos anos de maior participación ata o de agora, con pintores chegados de Galicia e de diferentes puntos do Estado.

A gañadora foi Marta Bravo de Gijón, seguida de Isabel Seidel de Amoeiro, Lolo Serantes de Ponferrada e Carlos Montero de Murcia. Tamén se repartiron 3 accésits para Diego Fernández, Federico Plasencia e Montserrat Valero.

Os premios son en metálico. Ao primeiro correspóndenlle 1.200 euros ofrecidos polo Concello, ao segundo 800 euros patrocinados por Finsa; ao terceiro 600 euros, a cargo de Mercontrol e ao cuarto, de 500 euros, financiado por Sariego. Outorgáronse tamén tres accésits de 100 euros.

O concurso estaba aberto a todos os artistas que desexaron participar maiores de 18 anos, que comezaron coa pintura ás 9.00 horas e tiveron de prazo ata as 17.00.

Rábade celebrará as patronais do 10 ao 15

O Concello de Rábade presenta a programación das Festas na honra a Santa María, que se van celebrar os días 10, 11, 12, 13, 14 e 15 de agosto con actuacións e actividades todos os días.

As Patronais de Rábade darán comezo o día 10 de agosto, sábado, coa celebración do XXVIII Rabafolk. O festival dará comezo ás 22:00 horas na Praza de España coa actuación Eoghanno Unit. Seguiranlle, Sin a Deir Sí, Terrae e o local Axeigo. Tamén haberá animación de rúa a cargo de Cadabatú (Galicia). O 11 de agosto farase a Festa do Río coa XXII Esbatuxada, unha competición de barcas caseiras que baixarán polo Miño. Haberá un concerto da Banda de Música Sons e Soños e Pop Rock e da Charanga Aloumiño. O día 12 de agosto, luns, haberá teatro a cargo de *Os luns ao sol* do Centro Dramático Galego, que representará *De Vilatriste a Vilalegre*. O 13, chega a Rábade o musical *Camiñantes e Cantantes* con La Oca Band, Pili Pampín, Manquiña e



Pepe Suevos no Campo da Feira ás 22:00 horas. A verbena estará amenizada por Olimpus e Eclipse.

O 14, festivo local, Rábade celebra o Día da Bicicleta coa actuación durante a proba de *Lilicicleta*. Tamén haberá actuacións musicais a cargo do Grupo Beatriz e Grupo Ritmo. O día grande, o 15 de agosto, actuará a Orquesta Escaparaté e o Grupo Montreal e farase a XVIII descarga pirotécnica. Á tardiña actuará Moc Moc espectáculos con *Mere Clown*.

O Santo Anxo renova o equipo directivo

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, mantivo un encontro co novo equipo directivo do centro de protección de adolescentes Santo Anxo, en Rábade. A reunión serviu como presentación da nova directora destas instalacións, a educadora María Lence, que asume o posto en substitución de Óscar Viñas.

O director xeral destacou que María Lence conta con formación especializada no eido da infancia e ata agora formaba parte do cadro de persoal deste centro. Así mesmo, lembrou que este cambio responde a que o anterior director, Óscar Viñas, pasou a integrar a nova estrutura provincial da Xunta en Lugo.

Neste sentido, Jacobo Rey destacou que o Goberno galego apostou pola experiencia dunha persoa que xa coñece o funcionamento diario do centro. Así mesmo, puxo en valor a calidade asistencial da rede de protección a menores do Goberno galego que procura unha correcta atención dos nenos e adolescentes para que poidan transitar á vida adulta e realizar o seu proxecto de vida da maneira máis autónoma posible.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

‘Volver cantando’ e ‘Soc maricó’ gañan o Festival de Cine de Roca

A asociación Xermolos e a veciñanza de Roca clausuraron outra edición do Festival de cine de música de Roca, que se celebra nesta aldea de Guitiriz por undécimo ano. O parto forte do festival, o concurso conta xa cos resultados, despois de tres xornadas de cine con proxeccións en concurso e fóra.

Así, na categoría de curtas galegas o premio foi para *Volver cantando*, de Lázaro Louzao, que recolleu o trofeo deseñado polo artesán vilalbés Marcos Ladra e os cen euros que tiña como premio.

O primeiro que a memoria esquece, ao morrer un ser querido, é a súa voz. Utilizando as cintas caseiras familiares que o seu pai gravou entre 1997 e 2004, o autor traza unha procura a través do seu propio recordo. *Volver Cantando* é o intento dun neto por recuperar a voz da súa avoa, unha muller que en vida tivo moito que dicir e cuxa voz se está perdendo no tempo. Esta carreira contra o esquecemen-

to é en certo xeito unha homenaxe a todas as persoas cuxas vidas nunca saíran nos libros de historia pero que non por iso foron menos importantes.

Nesta categoría competía tamén con *Para Kepa*, *A mirada delas*, *Leña verde* e *Son Seivane*.

A continuación deuse paso ás proxeccións de curtas internacionais, nas que había outras cinco aspirantes e o premio foi para *Soc maricó*, de Miguel Vingut e Javier Riera.

A palo seco, *Eskuen Soinua*, *Camilo e Lucía: dois corações de um lugar* e *I want to sing* foron o resto de finalistas, procedentes de Andalucía, Euskadi, Brasil e Andorra.

O Festival de Cine de Música en Roca é un proxecto cultural organizado na aldea de Roca, no que durante dous días se proxectan películas, documentais e curtametraxes con temática musical, ó aire libre, e co obxectivo de dinamizar a vida cultural da aldea e arredores.

O Festival de Pardiñas arranca o programa do mes de agosto

A organización do Festival de Pardiñas fixo público o cartel da edición deste ano, que se desenvolverá os días 2, 3 e 4 de agosto, na que é a súa XLV edición organizado pola asociación Xermolos.

O festival dará comezo do venres, ás 19.00 horas cun encontro amigable de Fútbol Gaélico no Suso Cruz, ao que seguirá o tradicional Certame de Cantos de Taberna, na súa décima edición, que terá unha sesión previa no Balneario coa Escola de Música tradicional de Xermolos. A partir das 20.30 horas percorreren o resto de localidades.

A primeira actuación do sábado será a sesión vermú a cargo de Os Canallas, dentro dos actos previos aos concertos, que complementan un programa para todas as idades, entre os que se atopan o aberto de billarda, ás 16.00 horas, ou a carreira popular, ás 19.30.

Tamén á tarde haberá un concerto de Lembranzas do Tambre, ás 18.30 horas, como un pequeno avance antes dos concertos festivaleiros, que se abrirán as 20.30 horas con Bloquinho de Xermolos. Será unha hora máis tarde a música de 100Volts, un grupo encabezado pola cantadeira galaico-belga Verónica Codesal. Mesturan textos tradicionais, propios e contemporáneos deixando patente a súa combinación ambiciosa do tradicional co moderno, tanto



na letra coma na música.

Tamén tocarán Septeto Nabori, 8 músicos cubanos que se xuntaron na súa época universitaria participando en eventos culturais con moitos éxitos. E de aí ata a profesionalización. Traerán música tradicional cubana, así como tamén boleros, sons cubanos e salsa entre outros ritmos latinos.

O grupo francés Aroze terá a súa cita ás 1.15 horas mentres que Pauliña, Paula Chaves, pechará o cartel rodeada dunha gran banda formada por músicos con máis de 20 anos de experiencia enriba das táboas. Neste ano 2024 presentará un novo traballo e xa van 4 na súa curta carreira.

O domingo espertarán cun obradoiro de Treboada a cargo de Oli Xiraldez, ás 12.30. horas, e pola tarde está prevista a proxección de Xorima, un recital poético sobre Pales-

tina, un obradoiro de baile tradicional con Ruth Pérez e o II Encontro de Regueifa na Terra Chá, o espectáculo infantil Circanelo e o concerto de Silvaredonda.

O pregón de Iago Santalla será o punto inicial da segunda xornada de concertos que encabezan Ailá, ás 20-30 horas, para seguir con Gwendal, Kumpania Algazarra e Loita Amada, rock contundente que enlaza coa canción protesta galega, moi representativo no seu último traballo Rematou o Simulacro. Será esta actuación a que porá o punto e final ao festival.

Celebrarase xunto ao festival a 31 Mostra de Instrumentos de Música Tradicional e a Mostra de Artesanía e farase entrega dos premios aos gañadores do XLV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao festival.

O BNG alerta sobre o perigo da instalación de postes da luz e da fibra óptica preto da calzada

O BNG de Guitiriz comunicou a súa preocupación sobre a instalación de postes da luz e da fibra óptica a escasos centímetros da calzada en diferentes estradas do concello.

“A instalación destes postes tan preto da calzada, nalgúns casos a poucos centímetros, supón un importante perigo para a seguridade vial en estradas estreitas e nas que ás veces é necesario arrimar á beira para cruzarse con outros vehículos coma tractores ou camións e poderían constituir un perigo extremo no caso dunha saída de vía”, explican.

Dende o BNG afirman que xa se puxeron en contacto co Goberno municipal por medio da concelleira Mónica Roca amosando a preocupación do BNG e da veciñanza, para denunciar “a perigosidade que oca-



siona esta actuación” e para que se inste á empresa ou empresas instaladoras a modificar as instalacións retirando os postes da beira da calzada e deixando “unha marxe de seguridade suficiente para non poñer en perigo ás persoas e vehículos que circulan a diario polas nosas estradas”.

Os Vilares prepárase para a Romaría Labrega da Chaira

O Concello de Guitiriz acolle a XXXII edición da Romaría Labrega da Chaira, os días 10 e 11. O sábado abre a xornada a ruta cabalar ás 10:30 con xantar. Máis tarde será a inauguración da IV Mostra de artesanía e a Carreira Popular para a que será preciso inscribirse antes do 8 de agosto. O pregón, que será ás 14:00 horas, correrá a cargo de Luís, O Caruncho, e despois haberá unha sesión vermú con Tumba e Dalle. Antes tamén está prevista unha carreira infantil. Pola tarde haberá xogos populares infantís e xincanas e carreiras de cabalos,

ademais do sorteo dunha becerra de Rubia Gallega, ademais da actuación de Peter Punk e hinchables.

Para a cea poderanse degustar liscos e chourizos, e actuarán Carapaus e A Banda da Balbina.

O domingo 14 comezará ás 11.00 horas coa saída da Marcha de Vehículos Antigos pola parroquia e posterior concentración na carballeira.

A música na sesión vermú correrá a cargo de Airiños da Febra, despois da actuación de Os Trapeiros dos Vilares. Pola tarde e tras o xantar, terá lugar unha romaría pequena a cargo



de Pulpiño Viascón, Festa da Escuma, sorteos e máis música.

A comida, que terá un prezo de 27 euros, consistirá en paella, carne asada con patacas e pementos, sobremesa e café. É necesario inscribirse antes do 8 de agosto. De novo para a cea poderanse degustar liscos gratuítos para rematar coa actuación de Brassika Rap

gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O Parga Rock pecha o cartel para o festival do día 6 de setembro

Fiel á súa cita coa música rockeira, Parga reunirá este ano oito grupos de música no PargaRock, o festival de balde que abre a programación de setembro nesta vila de Guitiriz. O primeiro venres e sábado de setembro volverán sonar as guitarras e a música rock da man de grupos de recoñecido prestixio.

Así, xa están confirmados grupos como Sonora Balkumbiera, Cowboys From Jam, que actuarán o sábado xunto a Demenzia Sozial. A esta únense Twisted Rose, Metallijam,



Liviao de Marrao ou The Lili Kelly's o sábado.

Completan o cartel The Wizards e Ángelus Apatrida.

Haberá, de novo, un espazo para os máis pequenos dentro da nosa programación. Os encargados de tal mester serán este ano Trécola Producións, que presentarán un espectáculo titulado Títeres Subversivos. Co horario aínda pendente, a organización confirmou que haberá zona de acampada libre para as dúas noites do festival.

Parga contará con servizo de madrugadores

O Concello abriu o prazo de matrícula para participar durante o curso escolar 2024-2025 en Guitiriz Concilia, o servizo de conciliación municipal da vida laboral e familiar dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos de idade.

Esta actividade levarase a cabo en dous horarios diferentes, coas opcións de Guitiriz Madrugador e Parga Madruga de 8:00 a 9:30 horas, que se organizarán no CEIP Lagostelle e no CEIP Santo Estevo de Parga respectivamente, e a opción de Concilia Tardes, que será organizada no CEIP Lagostelle de 16:00 a 20:00 horas. No primeiro caso búscase atender aos rapaces e rapazas antes da entrada na escola, mentres que no segundo cubrir o horario posterior ao colexio. A data de inicio será o luns 11 de setembro. Todas as familias interesadas no curso terán que presentar a solicitude cumprimentada e asinada, ademais do xustificante de pago

das taxas, que varían en función da modalidade escollida.

No caso das opcións de mañás o prezo será de 75 euros para aqueles que se anoten 3 días á semana ou máis, de 50 euros para 1 ou 2 días á semana e de 20 euros para un máximo de 3 días ao mes. Para o 'Concilia Tardes', máis de 3 días á semana suporá un total de 100 euros, 1 ou 2 días á semana 75 euros e un máximo de 3 veces ao mes 35 euros.

A rapazada poderá participar nas propostas de actividades que se levan a cabo, xogar nos diferentes recunchos que se ofrecen ou realizar as súas tarefas escolares e estudar, se así o desexan. Favoreceranse actividades e propostas relacionadas co xogo grupal e non competitivo, relacionadas coa igualdade e o respecto pola contorna e pola natureza. O prazo para presentar as solicitudes finaliza o 30 de agosto.

EN BREVE

LABRADA. O día 10 darán comezo as festas de Labrada na honra a Nosa Señora e á Virxe das Dores. Os grupos Venus e Eureka serán os encargados de poñer a música a xornada do sábado, co segundo en dobre sesión. O domingo será a vez da orquestra Stereo, que tamén farán dobrete. Tanto sábado como domingo haberá misa solemne ás 13.30 horas, seguida de procesión.



ás 13.00 e 13.30 horas. A estas seguirá unha sesión vermú a cargo de Javi Show, que tamén se encargará da sesión de tarde logo do xantar campestre. Este terá lugar ás 15.00 horas. A data límite para anotarse é o 10 de agosto. Ao longo da tarde ademais da música de Javi Show haberá sorteos e inchables.

PARGA. Parga celebrará do 16 ao 19 as súas patronais na honra de San Roque. A programación contará xa o venres 16 con chourizos e liscos na praza e coa actuación do dúo Zafiro, que amenizarán a xornada festiva da verbena. O sábado haberá unha alborada con Son's da Aldea e, nesta ocasión, a sesión vermú e a verbena estarán ao cargo do grupo Super Top e Disco Movil Sebas 21. Ás 14.00 horas terá lugar a tradicional tirada de fogos artificiais xunto ao río. O domingo, as alboradas serán á mesma hora cos Trapeiros dos Vilares como acompañamento

que, ademais, actuarán despois da pirotecnia. Logo, a misa e procesión será ás 13.45 e a sesión vermú terá como protagonistas á Banda Municipal de Guitiriz e ao dúo Son de festa, que terá dobre sesión na verbena da noite, xunto a Salsarena. O luns continuarán con dúas sesións musicais a cargo do dúo Eclipse e La Última Legión. Haberá festa infantil nas instalacións do CIT que dará comezo ás 17.00 horas.

BASCUAS. A localidade de Bascuas celebrará o 15 de agosto unha romaría que dará comezo coas misas

O BURIZ. A Asociación Cultural e Deportiva Ecuestre de Guitiriz organiza o sábado 18 de agosto unha Ruta Cabalar en Buriz. Esta dará comezo ás 10.00 coa recepción dos participantes na capela de San Nicolás. Ás 10.30 comezará o percorrido a cabalo, que incluírá unha parada con petiscos para concluír ás 13.30 horas co regreso ao punto de partida, onde haberá unha sesión vermú co grupo Dilema, e un xantar. Durante a tarde, faranse varios sorteos e ás 19.00 horas está previsto un espectáculo de maxia a cargo de Dani García. Pecharán esta festa cabalar co dúo Dilema despois da liscada de balde.

Abre unha mostra sobre emerxencia climática

A Casa Habanera acollerá ata o venres 30 de agosto a exposición Emerxencia climática, de Roxelio P. Moreira, o director dos cursos de verán sobre Paisaxe da USC que cada ano se celebran en Guitiriz.

A mostra reflicte algúns dos efectos que está a ter o cambio climático, que xa se evidencia como unha ameaza real. "Maniféstase, por exemplo, no quecemento da atmosfera e das augas mariñas, ou na paulatina subida do nivel do mar, ou no derretemento dos xeos glaciares, ou

nunha maior frecuencia, intensidade e duración dos eventos meteorolóxicos extremos, así como noutras anomalías climáticas.

Estamos ante un novo e incerto escenario que comportará indubidables consecuencias sociais, económicas e ambientais, ou mesmo na paisaxe. Por iso que nos atopamos nunha auténtica emerxencia climática".

A entrada é de balde e poderá visitarse de luns a venres, de 9 a 14 horas, na biblioteca pública municipal Casa Habanera.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



María José Gómez visita unha explotación da IXP Ternera Gallega

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo alcalde da Pastoriza, Darío Cabaneiro, visitou unha explotación de gando vacún desta localidade e que forma parte da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ternera Gallega, motivo polo que recibiu as achegas convocadas por primeira vez neste 2024 para apoiar aos produtores amparados por este selo de calidade diferenciada ás que se destinaron case 12 millóns de euros e se pagaron na súa totalidade con fondos propios da Xunta.

A explotación de David Pérez, na que produce carnes baixo o distintivo de Ternera Gallega Suprema, conta con máis de medio centro de animais e é unha das 4.578 beneficiadas das achegas convocadas pola Xunta. O obxectivo destas axudas é o de contribuír a paliar os sobrecostos que supoñen este tipo de producións.

A titular do Medio Rural puxo en valor a excelente calidade destas carnes, recoñecidas a nivel nacional e internacional, e por iso destacou a importancia de apoiar aos seus

produtores para seguir mantendo os niveis de excelencia acadados tanto en Ternera Gallega como en Ternera Gallega Suprema. Por iso, afirmou nesta visita que se demandará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que estas axudas poidan ir ligadas á Política Agraria Común e así implementalas dun xeito xeralizado para continuar apoiando este eido produtivo.

Así mesmo, María José Gómez resaltou a importancia do sector cárnico para a economía galega, xa que é unha das maiores fontes de emprego e actividade que ten a nosa comunidade no rural con máis de 43.000 explotacións e preto de 200 industrias, onde a IXP Ternera Gallega conta cunha gran relevancia e, polo tanto, o apoio que recibe redundará na consolidación do agro en Galicia.

Estas axudas, ademais de paliar os sobrecostos, serven para avanzar no desenvolvemento desta estratexia, especialmente naqueles puntos relacionados coa calidade, o benestar e a adaptación ás novas demandas do consumidor.

Investirán no cambio á eficiencia enerxética na piscina da Pastoriza

A directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou o concello da Pastoriza para coñecer as actuacións de mellora da eficiencia enerxética que se prevé realizar no centro deportivo con piscina e que contan co apoio da Xunta. O Goberno galego colabora no proxecto cunha achega de 60.000 euros no marco da liña do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado a concellos cunha poboación inferior a 15.000 habitantes.

Segundo explicou, vaise cambiar a caldeira de gasóleo por un sistema de dúas bombas aerotérmicas, o que permitirá un aforro enerxético do 40% así como unha considerable redución nas emisións de CO2.

As actuacións previstas enmárcan-



se na liña do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local deste ano, dotada con 5 millóns de euros e destinada á mellora da eficiencia enerxética dos edificios municipais, con prioridade para as instalacións deportivas. Na provincia de Lugo houbo 18 concellos beneficiarios, que recibiron achegas por un impor-

te global de case un millón de euros. A maiores da achega para as mellores no centro deportivo con piscina, neste exercicio A Pastoriza beneficiouse tamén do apoio da Xunta para melloras da rede de abastecemento municipal e para os gastos de contratación do persoal para mantemento de espazos na Mancomunidade.

Pecha con éxito a oitava campaña de escavacións no Castro de Saa

Remata unha nova escavación no Castro de Saa, situado na parroquia de Baltar, traballo que dirixe de novo o arqueólogo Emilio Ramil, para desenterrar nesta ocasión a zona do bastión dereito que está no acceso ao xacemento.

Os traballos desta oitava campaña contan cun orzamento de 17.605 euros a cargo da Consellería de Cultura para ocuparse dunha superficie de 70 metros cadrados ao outro lado do que se escavou na anterior quenda.

Nesta ocasión estiveron preto dun mes traballando no Castro de Saa para poder seguir completando os 750 metros que hai xa ao descuberto. O grupo de arqueólogos atopou nesta campaña o paramento interior dunha muralla defensiva e tamén puido acotar a extensión da entrada ao castro e o bastión dereito.

Despois deste primeiro descubrimento atopouse unha segunda liña de muralla ou o que estima que pode ser tamén unha estrutura aso-

ciada a esa muralla.

Por outra banda, houbo outros achados entre as rochas, como unhas pezas cónicas que poderían indicar que se trata de partes dun xogo, pero aínda non teñen clara a súa utilización, ademais de cerámica, sigillata ou líticos.

A novidade desta campaña foron as visitas guiadas que se realizaron para dar a coñecer a marcha dos traballos. Ademais, a escavación está aberta á visita.

Abren tres días á semana alternos os CIN do Alto Miño e de Bretoña

Abriu ao público de novo o Centro de Interpretación de Bretoña despois de que o fíxese tamén o novo Centro de Interpretación do Alto Miño, situado ante a lagoa de Fonmiñá, na Pastoriza.

O CIN de Bretoña poderá visitarse libremente os luns, mércores e venres, de 10.00 a 14.00 horas. Despois, para calquera información ou reservas para grupos o teléfono de contacto é o 982 332 197.

O centro de interpretación ten o obxectivo do estudo e divulgación da historia do bispado dos bretóns de Gallaecia e do patrimonio do concello e terras da comarca en xeral.

Tamén abriu ao público o Centro de Interpretación do Alto Miño, situado ante a lagoa de Fonmiñá, na Pastoriza.

O centro poderá visitarse libremente os martes, xoves e sábados, de 10.00 a 14.00 horas. Despois, para calquera información ou reservas para grupos o teléfono de contacto é o 982 332 197. O CIN foi concibido para albergar un centro versátil que se utilizará, segundo os casos, aula da natureza, espazo de lectura, lugar de contemplación, museo. En consecuencia, interiormente será un espazo polivalente, pouco compartimentado, con fácil adaptación ás

distintas necesidades de exposición ou actividades que vaian xurdindo co tempo e que se irán definindo co mesmo.

FONMIÑÁ. A área recreativa de Fonmiñá acollerá o domingo 4 de agosto, un evento cultural seguindo a liña iniciada o pasado ano.

Así, entre as 12.00 e as 16.30 horas haberá unha sesión vermú cun DJ. Ademais prestarase servizo de bar e haberá degustación de tapas coa *foodtruck* Galicia sabe a Mar. Esta actividade está organizada pola comisión de festas Fonmiñá en colaboración co Concello da Pastoriza.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVANA Bosch y Jorda CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

“A directiva formámola 5 mulleres que estamos entusiasmadas co proxecto”

Eva López é a tesoureira da nova asociación Amuruxe de Saldanxe

Estes últimos meses antes do verán púxose en marcha unha nova asociación veciñal e cultural, nesta ocasión na parroquia de Saldanxe. Nacen co nome de Amuruxe e unha das primeiras accións foi convocar un concurso de fotografía, que chegará ao seu final o 2 de agosto na presentación do colectivo á veciñanza, que será eses mesmo día na escola da localidade. Haberá pinchos, gaitas e algunha sorpresa para amenizar a velada, pero o obxectivo final é incentivar aos veciños a veciñas a unirse ao colectivo.

Eva López é unha das directivas da asociación que nos fala deste comezo.

Como xurde a idea de facer a asociación?

A Asociación nace a partir da xuntanza de mulleres, celebrada en abril na Escola de Saldanxe. Aquela reunión foi tan emocionante e todas desfrutamos tanto que empezaron a xurdir voces a favor da creación dunha asociación de mulleres do pobo. Así que nos puxemos man á obra e a partir de setembro queremos comezar coas distintas actividades, xuntan-



zas, viaxes ... e todo aquilo que nos permita o noso orzamento.

Non é esta a primeira vez que hai unha asociación no pobo.

Non foi a primeira asociación, xa que, ao redor, desta aldea hai outras asociacións que foron pioneiras neste tipo de xuntanzas, como Lema de Rigueira.

E este nome de onde sae?

O nome da asociación que, curiosamente, moita xente nos pregunta xa que gustou moito, simplemente xurde de xogar coas sílabas de Saldanxe, collendo, neste caso, a última sílaba. Entón sería: A de asociación, MU de mulleres, RU de rural e XE de

Saldanxe; dándonos Amuruxe.

Quen forma parte desta directiva inicial?

A directiva formámola cinco veciñas da aldea, que formamos un gran equipo e que estamos entusiasmadas co proxecto pola gran implicación de tódalas mulleres. Así é moi fácil que este proxecto salga adiante. A directiva formámola: Divina Serén, Isa Luna, Susana Iglesias, Mónica Leivas e Eva López. Ademais, contamos xa con 50 socias, que nunha aldea tan pequena, as veces é que non damos crédito das ganas que teñen de colaborar con nós.

Que actividades teñen previsto?

En canto ás actividades, imos comezar con obradoiros artesanais; charlas ou algunha festa temática, co obxectivo de ir tentando o que pode gustar máis e, a partir de aí, xa centrarnos en desenvolver as ideas que teñan máis acollida. A primeira actividade xa a temos en marcha, é consiste nun concurso de fotografía para subliñar e potenciar o valor da nosa aldea. Recalcando, de novo, a alta participación dos noso veciños.

Que obxectivos perseguen?

En canto aos obxectivos da nosa asociación, baséanse nun decálogo que sería, primeiro, observar o mundo que nos rodea; sentir novas sensación; respirar novos aires; compartir experiencias; admirar e pensar en positivo; descubrir aprendendo; escoitarnos; mimarnos e desfrutar a tope.

Que hai previsto para esta primeira convocatoria?

A posta en largo vai ser o día 2 de agosto, ás 9.00 horas e, todos aqueles que queiran acudir, teñen que poñerse en contacto con calquera das rapazas da directivas. Haberá pinchos, música, o gañador do concurso de fotografía co seu premio e un detalle que lle temos preparado e, sobre todo, teremos moitas sorpresas das cales non podo adiantar nada. O que sí podo dicir é que temos moitas ganas de que acuda a xente, porque creo, desde logo, vanse ir con bo sabor de boca.

Como se pode facer un socio?

Quen se queira facer socio pode poñerse en contacto con calquera das rapazas da directiva, a cota é de 20 euros anuais e só necesitamos o carné en cor.

A CHMS limpa o leito do río Madanela ao seu paso pola zona

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo, actuacións incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2024.

Comezaron os traballos de conservación no río Madanela, ao seu paso polo municipio lucense da Pastoriza, actuacións que se prolongarán durante case 3 meses.

“Os traballos proxectados, cuxa investimento estimado supera os 65.000 euros, consisten en aumentar a capacidade hidráulica do leito a través da retirada de tapóns e en mellorar a composición da vexetación de ribeira para evitar desbordamentos en momentos de intenso caudal” explicou o presidente.

Procederá á retirada de árbores secas, derrubados ou con estabilidade comprometida, ademais, eliminaranse elementos arrastrados pola corrente obstrutores do leito. As árbores secas e troncos tentaranse quitar con cabrestante desde un punto fixo situado na beira ou marxe do leito. No caso de curtas de amieiros, aplicaranse as medidas ou recomendacións profilácticas co obxecto de evitar a propagación de *Phytophthora alni*.



Aprobado un orzamento de 5,6 millóns de euros

O Pleno de Castro de Rei aprobou co acordo da oposición o orzamento para o presente exercicio, que ascende a 5.659.400 euros, un millón máis que o ano pasado debido ao incremento de fondos en todas as partidas.

O rexedor, Francisco Balado, destacou os investimentos en servizos sociais, dotados con 889.228 euros, 65.000 euros máis que en 2023, cos que financiará o Servizo de Axuda no Fogar.

Outros dos capítulos avultados das contas son as infraestruturas, ás que se destinan 952.000 euros. Unha parte importante deses cartos, 769.000 euros irán para o acondicionamento de vías. Outras das obras previstas son a ampliación do cemiterio de Duarría e as melloras do parque infantil de Castro de Rei e a muralla. Recibirán para estas dúas achegas do canón eólico e do ARI.

Para fomento do emprego van 544.438 euros, que contrastan cos 148.775 do ano 2023. Este aumento é debido a que será este concello o que coordine o taller de emprego que comparte con Cospeito

e Outeiro de Rei.

No capítulo de educación establecen unha partida de 427.000 euros que van ao financiamento da escola infantil e o mantemento dos colexios, sen que falten as axudas e subvencións a colectivos, que suman 60.000 euros.

SANIDADE. A situación sanitaria tamén foi protagonista nun pleno que se prolongou durante dúas horas. Por unha banda o PP levou unha moción pola que se insta ao Ministerio de Sanidade a paliar o problema da falta de médicos, iniciativa na que o PSOE abstívose. O BNG tamén levou a súa reclamando que se manteñen os servizos médicos no consultorio de Castro de Rei, na que tamén houbo acordo.

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, xunto co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, trasladoulle ao alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, que o consultorio do municipio volverá prestar servizo en setembro, tras a reordenación asistencial do verán.

Castro Ribeiras de Lea abrirá o día 2 as festas cunha churrascada

A localidade de Castro Riberas de Lea xa ten preparado o seu programa de festas patronais, que se celebrarán os días 2, 3, 4 e 5 de agosto.

Será unha churrascada veciñal, o venres día 2, a que abrirá a celebración. Poderá asistir todo o que queira, xa que venderase tickets o mesmo día a 10 euros. Ao finalizar, sobre as 23.30 horas haberá verbena con Los Españoles e DJ Machito.

O sábado serán Os Valuros o encargados de abrir a sesión cos seus pasarrúas e posterior actuación ás 12.30 horas, antes da misa e a procesión. Ás 14.15 horas está prevista a sesión vermú, que contará coa orquestra Trébol, que tamén se ocupará da verbena xunto a New York. Pola tarde ese mesmo día haberá xogos tradicionais e animación para todas as idades.

O domingo abrirá coa música da Charanga 555, antes da misa e procesión, que será ás 13.30 ho-



ras. Ás 14.15 horas o pregón estará a cargo de Leticia Regueiro, doutora en Enxeñaría Química, xusto antes da sesión vermú que dará Stéreo. Despois do xantar serán Festicultores Troupe o que seguirán poñendo música toda a tarde. Ás 18.30 horas será tempo para os nenos, con festa da escuma e inclables e pechará a xornada a verbena de Stéreo e Costa

Dorada.

No descanso, sobre ás 1.30 horas, haberá fotos de artificio.

O luns 5 clausurarán as festas. Haberá misa ás 13.30 horas e a parte musical estará a cargo de Principal, en dobre sesión, e do Combo Dominicano pola noite. Pola tarde, ás 15.30, está previsto unha sesión musical de seis horas a cargo de Disco Móvil Hermo.

Castro de Rei continuará un ano máis coa Festa da Malla, na XXI edición



O concello de Castro de Rei continuará coa celebración da Festa da Malla, recuperada o ano pasado tras tres sen celebrarse pola pandemia, na que é a XXI edición. Como sempre, a festa dividirase en tres xornadas. A primeira, a sega, terá lugar o sábado 3 de agosto na finca de Escairo, onde se traballará a partir das 10.30 horas. A quedada será ás 10:00 diante do bar Ruta do Azúmara.

A seguinte xornada terá lugar o 11 de agosto coa meda que dará comezo ás 11:00 horas no campo da feira de Castro de Rei coincidindo coa feira quincenal. Está prevista para esta xornada a

actuación dun grupo de música tradicional dentro da programación cultural Tradigalu 2024.

Para rematar, o domingo, 18 de agosto, regresa a malla, día principal da festa, que comezará ás 10:00 horas no campo da feira. Ao mediodía será o xantar popular amenizado por un grupo musical.

Un ano máis esta festividade está organizada pola Asociación Amigos da Feira, que leva 20 edicións ocupándose desta festa coa que se intenta recuperar unha tradición agraria da zona.

As previsións estiman unha participación de 600 persoas, que é o número habitual das últimas citas.

Viladonga acolle un campamento de conciliación

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude puxo en marcha, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o programa Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables, para favorecer a conciliación das familias con nenas, nenos, mozos ou mozas de 6 ata 16 anos de idade desde un enfoque de igualdade entre mulleres e homes.

Nestes obradoiros terán prioridade as familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero ou outras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou calquera outra unidade familiar con necesidades en materia de cuidados de nenas e nenos.

Con este fin, o Museo do Castro de Viladonga arrancou un campamento cultural de conciliación para nenos e nenas de 6 a 12 anos baixo o título Campamento Castrexo na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Das catro quendas segue aberta a matrícula para as dúas últimas, do 12 ao 23 de agosto e do 26 de agosto ao 6 de setembro. O horario do campamento é de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas e nel faranse obradoiros e viaxes culturais.



Remata a rehabilitación de camiños da parcelaría

O Concello está a completar o plan de rehabilitación de camiños en zonas de reestruturación parcelaría da Xunta de Galicia, tal e como informou o alcalde, Francisco Balado.

Neste proxecto acometéronse actuacións en distintas zonas de concentración parcelaría do Concello, entre as que se citan varias parroquias. Así na parroquia de Balmonde actuaron na zona da Igrexa, Vilaseñor, A Valiña e Zacariade. Tamén, en San Martiño de Goberno, concretamente nos lugares de Anoca, Outeiro e Ameixide. Tamén forman parte deste plan Bazar, na que se actuará nos lugares de

A Mudia, As Penelas e Cornide. Así mesmo afectará a Ponte de Outeiro e Pacios, concretamente na zona da Ponte, desde a LU-120 ata Pacios. En Ramil está previsto que actúen no Caxigal e Medianeiros.

A actuación deste plan ten un orzamento de 199.377,50 euros e consiste principalmente nun dobre tratamento bituminoso de asfalto que se aplica sobre todas as vías de titularidade municipal con regularización nas zonas nas que o firme estea máis deteriorado, así como a limpeza de cunetas. Están financiadas a cargo dos fondos do Agader.

Rehabilitarán a muralla e remodelarán o parque infantil da praza Maior

O Concello de Castro de Rei destinará 100.000 euros a inversión na vila de Castro de Rei en dúas actuacións, unha delas destinada á rehabilitación dun tramo da muralla e escaleiras, e a outra ao parque infantil situado na praza Maior. As dúas obras están subvencionadas por parte da Xunta de Galicia.

A primeira das actuacións subvencionada integramente por parte do IGVS con cargo aos fondos ARI da consellería de vivenda, foi adxudicada á empresa Cibay 2024

SL por importe de 59.445 euros, aos que hai que engadir 2.240 de custes de redacción de proxecto. O obxectivo está en rehabilitar un tramo da muralla de Castro de Rei mediante a limpeza e consolidación dos muros, así como acondicionar as escaleiras que comunican o acceso á rúa Poeta Crecente Vega coa rúa Amigos da Feira.

En canto á segunda das actuacións a construción dun novo parque infantil, con cargo ás axudas de Vicepresidencia da Xunta de Galicia, con un importe subvencionado



do dun 70 %, foi adxudicada á empresa Bahía Park SL por importe de 39.021 euros, coa que se pretende a substitución na súa totalidade do parque infantil existente. “Dende o Concello valoramos moi positivamente estas dúas actuacións, coas que pretendemos renovar unha parte da vila

de castro de rei, dando unha nova imaxe ós accesos da vila co acondicionamento da muralla que é un elemento significativo de castro de rei, así como o parque infantil situado nun espazo destinado ós nenos e nenas máis novos”, explicou o alcalde, Francisco Balado.

Familias do CEIP Veleiro Docampo reclaman a división dun aula

As familias do alumnado que cursará segundo Educación Primaria no CEIP Veleiro Docampo veñen de coñecer a noticia da negativa da Xunta para a división dun grupo de 26 alumnos e alumnas, cando o límite vixente é de 25 por aula.

Segundo lles informaron no centro, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ampárase no artigo 50.6 da Orde que regula a admisión de alumnado, o cal dita que se poderá autorizar un incremento do 10 % do máximo permitido nos supostos indicados no artigo 45 da mesma orde. “O engano está precisamente neste punto, xa que ese artigo 45 refírese a matriculas realizadas en período extraordinario, e non é o caso de ningún alumno/a

deste grupo, xa que 25 son de continuidade e outro matriculouse en período ordinario”, aclaran.

“O único que nos cabe pensar ás familias ante esta situación, é que tratan de enganarnos, aproveitando para realizar esta manobra (ilegal) a poucos días de iniciarse as vacacións do equipo directivo do colexio, e aproveitando tamén que moitas familias están tamén en desconexión estival”, afirman.

Aseguran que non son os únicos e que coñecen moitos centros nesta mesma situación ou noutras similares: “recortes de aulas, profesorado, atención do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo, transporte escolar e mesmo instalacións” explican.



Homenaxe en Santiago ao poeta Crecente Vega

O Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela acolleu o acto Musicando a Crecente Vega, no que se interpretaron pezas musicais sobre obras deste autor chairego.

Grupos como A Quenlla interpretaron O carballo de Luxís; e cantautores como Eladio Santos, interpretaron Cantar do Muíño; e MJ Pérez,

interpretou Paspallar.

Acto organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e no que participou o Concello de Castro de Rei coa presenza do alcalde, Francisco Balado, xunto con familiares do poeta, para renderlle esta homenaxe e facer recoñecemento da súa obra.

As parroquias de Ramil e Ludrio celebrarán as festas patronais a mediados de agosto

A parroquia de Ramil acollerá as festas patronais na honra a Santa Mariña a fin de semana do 9, 10 e 11 de agosto.

O venres 9 as festas comezarán ás 22.00 horas cunha gran churrasca popular que estará amenizada por La Noche, de O Grove.

A xornada do sábado 10, ás 13.30 horas oficiárase a misa solemne seguida de procesión. Ao finalizar o acto litúrxico, terá lugar a sesión vermú a cargo do grupo Fuxion Latina, formación que tamén amenizará a verbena da noite xunto a Pili Pampín.

A última xornada festiva comezará ás 14.00 horas coa celebración da misa solemne con procesión con gaitas seguida da sesión vermú a cargo do dúo Venus.

LUDRIO. A semana seguinte, será a quenda da parroquia de Ludrio, que celebra a fin de semana do 17 e 18 de agosto as súas patronais na honra a Santa María.

O sábado día 17 a xornada dará comezo cunha misa solemne con procesión ás 13.00 para continuar cunha sesión vermú a cargo da orquestra Galilea e a Charanga Louband.

Xa pola noite, a partir das 23.00, será de novo a orquestra Galilea a encargada de amenizar a noite na que tamén estará a actuación do DJ Alejandro Martínez.

O domingo, a sesión relixiosa será á mesma hora e, seguidamente, darase entrada a unha festa amenizada polo grupo Punto Clave onde a Galiña de Mos será a protagonista.

A maiores, haberá un touro mecánico e sorteo dunha viaxe en avio para dúas persoas.

Festas do Quince en Meira

Do 15 ao 17 de agosto 2024

<p style="text-align: center;">15 de Agosto, Nosa Señora</p>	<p style="text-align: center;">16 de Agosto, San Roque</p>	<p style="text-align: center;">17 de Agosto, Xira Campestre</p>
<p>11:00h PASARRÚAS CON CHARANGA</p> <p>13:00h MISA SOLEMNE ACOMPAÑADA POLA CORAL AJRIÑOS DO MIÑO E PROCESÓN COA BANDA DE MÚSICA DE MEIRA</p> <p style="text-align: center;">SESIÓN VERMÚ DO GRUPO MOIDORA</p>	<p>10:00h PASARRÚAS CON GAITEIROS</p> <p>12:30h PROCESIÓN ATA A CAPELA DE SAN ROQUE CO GRUPO DE GAITAS DE MEIRA</p> <p>13:00h MISA NA CAPELA DE SAN ROQUE</p> <p style="text-align: center;">SESIÓN VERMÚ DO TRÍO CAFÉ OLÉ</p> <p>19:30h TANITO CLOWN E MÁXICO BRAIS</p> <p>ESTRELAS MÁXICAS PRESENTA CIRCO MENUDO</p> <p>22:00h VERBENA DO TRÍO CAFÉ OLÉ E DISCO MÓBIL EUMORIA</p>	<p style="text-align: center;">XIRA CAMPESTRE NO PORTO DA PENA</p> <p style="text-align: center;">AMENIZADA POR DISCO MÓBIL FUTURA</p> <p style="text-align: center;">FESTA DA ESPUMA</p>
<p>19:00h 3x3 BALONCESTO NA CAMPA DO PLANTÍO</p> <p>21:00h CONCERTO DA PREBANDA E A BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MEIRA</p> <p>22:00h VERBENA DO GRUPO MOIDORA E GRUPO LECER</p>	<p style="font-size: 1.2em;">Organiza Concello de Meira</p>	

Pol celebrará o 24 unha nova Festa ó Emigrante

Pol celebrará o 24 de agosto unha nova edición da Festa ó Emigrante, que ademais este ano coincidirá en sábado e á que poderán sumarse os veciños e visitantes que o desexen, e que se darán cita na carballeira de Mosteiro para desfrutar do xantar.

O Concello instalará como todos os anos unha carpa con capacidade para 1.800 persoas, para xantar no seu interior e gozar do ambiente festivo que haberá na carballeira. Ademais, os grupos tamén participan coas merendas no exterior da carpa e de feito, contarán tamén con diferentes postos de comida.

Nesta edición, a xornada dará comezo ás 13:00, coa misa, para dar paso ao pregón, que estará a cargo

de Pablo Fernández López, licenciado en Medicina, natural da parroquia de Silva. Media hora máis tarde procederase ao descubrimento da placa conmemorativa do XXXIX Aniversario da Festa ó Emigrante no Concello de Pol.

Ás 14:15 comezará a sesión vermú amenizada pola orquestra Son de Festa e ás 15:00 terá lugar o xantar popular.

A música continuará pola noite, a partir das 23:00, coa verbena, que estará amenizada de novo por Son de Festa, ao que se unirá tamén Capitol. Como todos os anos, a comida estará aberta a toda a poboación, e para anotarse haberá que chamar ao Concello (982 345 029) antes do día 22 entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Leña Verde celebra o seu trinta aniversario cunha gran festa

Leña Verde prepara para o vindeiro 10 de agosto unha xornada festiva para celebrar os seus trinta anos de actividade na difusión da música tradicional e na dinamización cultural do concello de Pol e na contorna.

Mercedes Rielo, Luis Cedrón e Óscar Trigo -da directiva da entidade-, acompañados pola deputada de Cultura Iria Castro, presentaron as actividades programadas, que se desenvolverán durante todo do día na carballeira de Mosteiro.

A xornada comezará cunha sesión vermú amenizada por Caivanca e un xantar popular (o Concello de Pol instalará mesas e asentos, podendo reservarse sitio chamando ao 657 876 450 ata o venres 9). Ademais, quen o desexe poderá mercar na Carballeira polbo, churrasco e filloas (grazas á colaboración das filloeiras de Mui-



menta). A festa continuará durante a tarde coas actuacións de Leña Verde, do grupo de música portuguesa da Associação Cultural de Chafé, de Viana do Castelo, e de Uxía Senlle. Neste sentido, engadiu que "estes

acontecementos reafirmamos no apoio aos colectivos culturais, que poñemos en marcha desde a área de Cultura, tanto a través de axudas directas, como de programación como o Tradigalu no que Leña Verde veu participando nos últimos anos".

As actividades programadas para o 10 de agosto celebrarán trinta anos de actividade que comezaron 1994 coa creación da asociación cultural e da formación musical, que recuperou o nome e o legado de dedicación á cultura do grupo escolar de música e baile tradicional Leña Verde que puxera en marcha nos anos 50 o mestre Daniel Pérez.

Ao longo das últimas tres décadas, máis de 80 persoas de Pol e da comarca participaron de forma directa na asociación cultural e no grupo musical, que gravou tres discos.

CAMPUS DE BALONCESTO



Mosteiro acolleu este ano a cuarta edición do campus Kingtela, organizado e dirixido polos xogadores de baloncesto Erik e Sergi Quintela e no que participaron uns 150 rapaces e rapazas de 7 a 18 anos. Durante a semana que dura o campus contan cun equipo de preparadores que guían as sesións de adestramento e exercicio físico, competicións e xogos.



RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

riotorto

O Concello celebrará o día 3 a súa Festa Celta

O Concello de Riotorto celebrará a súa tradicional Festa Celta o vindeiro 3 de agosto, sábado, no lugar da Croa.

Esta celebración terá lugar nesta ocasión a partir das 14.30 horas cun servizo de comida con polbo, churrasco, empanada e tarta de Riotorto. Durante a tarde haberá animación para os menores de idade para dar inicio ás 21.00 horas ás actuacións, o prato forte da festa.

Estarán BI Outeiro Gaiteiros, unha actuación subvencionada pola Vicepresidencia da Deputación dentro do programa Tradigalu.

Ademais, actuarán Tanto nos Ten e os Gaiteiros de Riotorto. Culminarán cunha queimada po-



pular sobre las 0.30 horas.

Como todos os anos, o Concello agradecerá a colaboración veciñal para a súa realización. Gracias a esta colaboración a festa será todo un éxito como todos os anos. Para máis información deberán achegarse as oficinas do Concello.

Campionato de España de Carrilanas

O próximo 7 de setembro, sábado, terá lugar a terceira baixada das carrilanas en Riotorto, debido ao éxito das edicións precedentes.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudar aos negocios. Aínda non se coñecen os detalles da proba, si se sabe que será a sede na que se celebrará este ano o Campionato de España, ademais de ser puntuable para as Copas Galicia e España.

Festas en Santa Comba da Órrea

A parroquia de Órrea dará comezo o sábado 10 ás festas cunha misa solemne, ás 14.00 horas, á que seguirá unha procesión co dúo Belinda, que tamén se ocupará de amenizar a verbena. O sábado terá lugar tamén, ás 18.30 horas, un Aberto de Bólos por parellas. Trátase dun campionato de birlos tradicionais de lastra da Órrea. Este xogo está aberto a toda a poboación e servirá para recuperar as normas.

O domingo 11 repetirase a misa solemne e será o dúo Muralla o encargado de poñer o fin de festa.

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



O Concello construírá un parque infantil no núcleo urbano de Abadín

O Concello de Abadín ten en licitación a obra de construción dun parque infantil no núcleo urbano de Abadín, co obxectivo de ter unha oferta lúdica para os máis pequenos xa que agora mesmo só existe unha zona de xogos na área recreativa de Gontán.

O obxectivo é facer un parque infantil cuberto atendendo á demanda veciñal, que se alonga no tempo.

A presente actuación ten por obxecto a instalación dun parque infantil cuberto de 150 metros cadrados, ocupada por xogos, inicialmente, na metade da súa superficie, sen prexuízo de que no futuro poda aumentarse a súa oferta.

Os xogos proxectados son unha ran-deeira con asento tipo niño, plano e bebé, un carrusel Tipi con abrazadeiras e unha unidade de balanceo con resorte.

O parque infantil levantarase sobre unha soleira de formigón regular e pulida de 15 cm de espesor sobre un enchado de 20 cm, para o cal procederáse á preparación dunha superficie lisa e saneada dentro da

parcela.

Unha vez preparada a soleira de formigón levarase a cabo á instalación de pavimento continuo bicapa especialmente indicado para a seguridade infantil, consistente nun sistema de pavimento continuo bicapa, sendo a primeira unha base elástica e a segunda a superficie exterior decorativa, máis resistente e de cor.

Finalmente colocaranse os xogos.

A obra ten un orzamento de 55.687 euros.

OBRADOIRO. A veciñanza de Abadín poderá participar este venres, 9 de agosto, nun obradoiro co título Enredando, organizado por Cruz Vermella co obxectivo de formar no uso das novas tecnoloxías.

Así, nesta xornada buscan axudar a manexar mellor o móbil, o Whatsapp, facer procuras en Internet e pedir cita para o médico, por exemplo, ademais de solucionar dúbidas coas tecnoloxías.

O obradoiro desenvolverase na casa do concello entre as 10.00 e as 14.00 horas.

Aprobado o convenio para poñer en marcha as obras da residencia

Ao último pleno de Abadín levouse o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Abadín para o financiamento das obras para facer a nova residencia de maiores no antigo colexio.

O outro punto destacado da orde do día, era a aprobación do orzamento, de 4,5 millóns de euros, que o alcalde, José María Gómez Rancaño, cualificou de “o máis alto da historia”, xa que unha partida importante irá para a construción da residencia de maiores. Así, no apartado de gastos están previstos 1,8 millóns de euros en gastos correntes en bens e servizos, que se levan o 40% do orzamento, seguidos de 486.000 euros en gastos de persoal, que son o 10%.

O capítulo de investimentos reais leva por tanto o 46% do capital, que son uns 2,09 millóns de euros. Ademais presentouse a modifica-

ción do convenio entre os concellos de Abadín, Friol, Rábade, Cospeito, Castro de Rei, Mondoñedo e Outeiro de Rei para a solicitude dunha subvención á Xunta para a planificación enerxética.

Tamén se ratificou o convenio entre varios concellos para a realización dun programa integrado de emprego con base en Outeiro de Rei.

Os puntos foron todos aprobados con apoio do PSOE menos naqueles nos que non dispuxo de información, como explicou o seu representante. “Non temos acceso ao proxecto nin ningún dato concreto sobre a creación da referida residencia. Sempre temos que acudir ao Valedor do Pobo, o cal, o reitera 2 ou 3 veces e aínda así o alcalde segue sen contestar”, explicou. Tamén protestaron porque preguntaron por un camiño e non obtiveron resposta do equipo de Goberno.



TOMA DE POSESIÓN. No Pleno tomou posesión a nova concelleira do PSOE Estefanía Grandío Vizoso, que substitúe na Corporación a Sandra Otero Quende.

O PP esixe a mellora integral da N-634, entre A Xesta e Mondoñedo

O PP reivindica, de novo, a mellora integral da estrada nacional N-634 e, con especial urxencia, o tramo que une o Alto da Xesta e Mondoñedo onde cren necesario tamén prolongar o terceiro carril en sentido ascendente, por tratarse dunha vía que ao seu tráfico habitual suma os usuarios da autovía A-8 cando esta pecha á circulación pola néboa.

Nesta ocasión, os senadores populares levarán á Cámara Alta unha batería de iniciativas para urxir ao Goberno de Sánchez a que interveña para mellorar a seguridade nesta estrada e ofrezca explicacións sobre as actuacións previstas. A presidenta provincial, Elena Candia, participou xunto aos tres senadores nunha visita á zona.

Os populares explican que “esta vía de titularidade estatal atópase desde fai anos nun estado moi deficiente, cun pavimento deteriorado e cunha sinalización e alumeadado que precisan ser mellorados”. E puntualizan, ademais, que “coa chegada do verán o tránsito por esta estrada nacional se ve incrementado por aqueles que se dirixen á costa, sumándose a veciños, transportistas e traballadores que xa fan uso habitual desta vía durante todo o ano”.

Subliñan que non están a pedir nada que non estivera previsto facerse en atención ás circunstancias particulares que concorren nesta estrada. De feito, xa en 2017 “un Goberno do PP proxectou esta intervención”. Entre as medidas a executar estaba a substitución da capa de rodadura, a mellora da sinalización, balizamento, defensas e interseccións, ademais do peche perimetral para evitar a entrada de animais á calzada.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

Chega a cuarta edición do Festival Pozo Mouro

Tralo éxito das tres primeiras edicións, está convocada a cuarta do festival Pozomouro, organizado pola Asociación Cultural Avelino Iglesias Alvariño e que terá lugar o 24 de agosto na área recreativa Ribas do Miño, en Muimenta.

A data adiántase de novo a edicións anteriores, que se celebraron o 31 de agosto de 2019 e o 4 de setembro de 2022. A celebración comeza todos os anos con música dende media mañá e as actividades complétanse cunha romaría popular na que os participantes deberán achegar o seu xantar.

Así entre as actividades previstas ademais do apartado musical, haberá un obradoiro de danza na natureza con Eva Quiroga e unha ruta á beira do Miño, actos que culminarán coa regulamentaria sesión vermú.

Entre os actos da tarde figura un obradoiro ilustrado con Elr Elvi, de música con Pintega Sistema de Son e de bordado con Virginia.

Para os pequenos haberá unha lu-



doteca ambulante e os contacontos de Caxoto.

Terá lugar tamén un recital poético con Suso López e Diana Kurichantes, que dará paso aos concertos.

Os protagonistas deste ano serán Old Times Spooks, Habela Hainas, Balkumbia, Zeltia Irevire e DjSet con Sapocochoncho SemPoncho e Rorro.

A organización lembra que haberá zona de acampada de balde para os que o desexen e un mercadillo cultural.

Luis Tosar recibe a Medalla de Ouro de Galicia de mans de Rueda

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, entregaron as Medallas de Ouro de Galicia ao actor Luis Tosar, á produtora Zaza Ceballos e á Academia Galega do Audiovisual. O xefe do Executivo galego sinalou que os recoñecementos deste ano, que constitúen “a maior distinción” que outorga a Comunidade autónoma galega, recaen en dous nomes propios e nun colectivo asociativo que dignifican o audiovisual galego como sector artístico e estratéxico.

No acto contou coa actuación musical de Luis Fercán, nunha sesión na que se lembrou aos falecidos no accidente de Angrois e se gardou un minuto de silencio polos mariñeiros falecidos nas Malvinas.

Rueda referiuse á distinción de Luis Tosar como intérprete de teatro, cine e televisión que chegou ao máis alto



a nivel nacional e internacional converténdose nun “dos artistas galegos máis recoñecidos e coñecidos”.

Luis Tosar conta cunha traxectoria na que figuran tres Premios Goya, dous Premios José María Forqué e cinco Premios Mestre Mateo. Desde os seus comezos no teatro profesional galego nos anos 90, formando parte de elencos, entre outras compañías, do Centro Dramático Galego, a súa carreira como intérprete non deixou

de medrar a través de papeis protagonistas en películas e series desde a súa participación na aclamada Mareas Vivas, de Televisión de Galicia ata acumular máis de 60 títulos, ademais de liderar o trío cómico The Magical Brothers e o grupo Di Elas. Dedicou a medalla á súa muller e fillos, así como ao resto de familiares e amigos, sinalando que ten a fortuna de poder dedicarse “a unha das mellores profesións do mundo”.

A Moexmu ten xa todo en marcha para ser Festa de Interese de Galicia

Procedeuse, por parte da xerencia da Mostra Expositiva de Muimenta, á presentación, ante a Axencia de Turismo de Galicia, do dossier con toda a documentación precisa coa que se demostra que a Moexmu debe ser de Interese Turístico de Galicia.

A través da toda a documentación faise un resumo da Moexmu, que comezou a súa andaina un 6 de xullo de 1985, e acaba de celebrar a súa XL edición os pasados 5, 6 e 7 de abril. O seu programa, inclúe o único concurso de Gando Frisón que se celebra na provincia, e que arrancou no ano 1987, xunto á exposición de Raza Rubia Galega. A primeira poxa de gando selecto data do ano 1999. Promocionando sempre a participación dos máis novos neste tipo de actividades, así como no concurso de xóvenes manexadores, canteira do futuro do noso rural.

No seu programa de actividades sempre se apoiou o traballo dos artesáns, xa non só como expositores da mostra, senón tamén con demos-



tracións in vivo, ou exposicións situadas nas oficinas do propio Recinto Feiral Manuel Vila de Muimenta.

A implicación na Moexmu de todos os veciños e as veciñas da parroquia de Muimenta queda de manifesto dende os inicios desta feira a mediados da década dos oitenta, renovándose anualmente dito compromiso. Sendo un dos piares da súa celebración, os empresarios e empresarias que organizan a Moexmu a través de seis comisións rotatorias.

Ao longo da memoria que acompaña o expediente, ponse en valor que

a Moexmu é unha celebración con un carácter único, un valor cultural engadido, e un poder de convocatoria importante e relevante, para a parroquia de Muimenta, así como para o Concello de Cospeito, a Comarca da Terra Cha e a provincia de Lugo, e que recibe visitantes do resto de Galicia así como do norte de España.

O pasado primeiro de marzo, a Moexmu recolleu o XXIV Premio Aresa de Desenvolvemento Rural que concede dita empresa xunto a USC.

EN BREVE

XERMAR. A parroquia de Xermar celebrará os días 10, 11 e 24 de agosto as súas festas patronais.

O programa das festas comezará o sábado 10, con misa solemne, seguida da sesión vermú coa orquestra Salsarena. Pola noite, este mesmo grupo será o encargado de amenizar a verbena, na que estará acompañada polo solista José Manuel Abanico. O domingo 11, repetirase o programa relixioso pero será o grupo Alba o encargado de amenizar a sesión vermú e a verbena. Xa o último día, o xoves 24 de agosto, haberá unha cea veciñal servida polo bar

Fénix, con Javi Show como acompañamento.

XIMNASIA. A Asociación Cultural Aquilino Iglesia Alvariño, en Muimenta, puxo en marcha outro ano máis a actividade de ximnasia de mantemento ao aire libre a cargo de Julia. Terá lugar todos os venres desde o 12 de xullo ao 13 de setembro, de 17.00 a 18.00 horas, no campo da igrexa Vella de Muimenta. Os interesados que sexan socios irán de balde e, os que non o sexan, teñen que pagar un prezo de 10 euros na mercería Teresa.

denais

bebés & mamás

Rúa Plácido Peña, 3, baixo
Vilalba (Lugo)
671 683 343

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



A vila reunirá en setembro aos mellores profesionais da tornería

O deputado de Medio Ambiente, Carlos López López, participou na presentación do XXIV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, unha cita que reunirá neste concello a destacados profesionais da arte da tornería os días 20, 21 e 22 de setembro. Neste acto, que tivo lugar na biblioteca municipal, tamén participou o Alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, e a xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, entre outras autoridades. A institución provincial realiza unha achega económica a través do Plan Deputación 2024 de 9.000 euros para a organización deste evento.

Carlos López puxo en valor a proxección nacional e internacional deste encontro "para o municipio e tamén para toda a provincia de Lugo" e subliñou que "con esta cita teremos a oportunidade de recoñecer o traballo dos nosos artesáns que coas súas mans e a súa creatividade transforman pezas de madeira en auténticas



obras de arte e, sen dúbida, os torneiros de Xermade son testemuñas viventes dunha herdanza que mantén viva a nosa historia e cultura".

O deputado tamén agradeceu o esforzo dos participantes e organizadores na posta en marcha dunha cita coma esta, que leva celebrándose máis de 20 anos. "Grazas a vós, esta tradición continúa viva e en constante evolución. A vosa paixón e compromiso son fundamentais para asegurar que as futuras xeracións tamén poidan gozar e aprender deste maravilloso oficio", sinalou Carlos López.

A programación desta 24ª edición dará comezo o venres 20 de setembro ás 10:30 horas e ao longo dos tres días de encontro as persoas que se acheguen ata Xermade poderán desfrutar de diversas actividades como o XXIV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira de Galicia, obradoiros a cargo dos artistas Helen Bailey, Géronime, Pedro Calavero e Lolo Castro, exhibición de pezas dos participantes ou a XVI Exposición CONtornos, unha mostra composta por un total de 76 pezas elaboradas por artesáns do torneado.

Chega unha nova edición da Xuntanza de Roupareses

O sábado 3 de agosto terá lugar a XIII edición da Xuntanza dos Roupareses, unha cita que se recuperou o ano pasado despois de suspenderse no 2020 e estar tres anos sen facerse. Será en Casanova onde terá lugar a XII Xuntanza dos Roupareses, organizada pola Asociación Mulleres Rurais de Roupar, e as Asociacións de Veciños de San Estevo, Do Campo e de Roupar. A xornada comezará ás 13:30 horas coa misa en recordo dos veciños que xa non están. Acto seguido será a sesión vermú amenizada polo Claudia e outras actuacións. Despois haberá un xantar popular con empanada, paella, churrasco, sobremesa, café e licores.

Momán recuperou a feira logo de 30 anos

A Sociedade Recreativa e Cultural da localidade de Momán organizou a súa tradicional feira, orixinaria de 1756 co obxectivo de dinamizar a localidade e o mundo do rural.

O acto de inauguración da feira tivo lugar o 21 de xullo ás 12.00, coa recepción de distintas autoridades, ademais de pasarrúas e sorteos. A partir de agora, celebrarase o domingo entre o 16 e o 22 de cada mes. Prevese un mercado do máis variado, con arredor de trinta postos, desde gando ata alimentación, produtos de campo e enxoval ou roupa.

FESTAS. Ademais, as festas patronais serán a fin de semana do 16 ao 18. O venres arrancarán ás 21.30 con liscos e chourizos gratis para continuar coa verbena a cargo de Discomóvil Puzzle Animación.

O sábado ás 13.30 terá lugar a misa cantada polo Coro da UNED Sénior e a procesión, para continuar cunha sesión vermú a cargo de Rubí. Xa pola noite repetirá Rubí con Gran Parada.

O domingo a misa volverá ser cantada e a sesión vermú estará a cargo de Alabama que será tamén a encargada da verbena da noite.

Xermade estará de festa desde o 9 de agosto

O segundo venres do mes de agosto, o día 9, darán comezo as festas patronais de Xermade, que se prolongarán ata o domingo 11 con actuacións e verbenas todas as noites na honra a Nosa Señora.

Así, os grupos Venus e Karamba serán os encargados de inaugurar a celebración a noite do venres

nunha sesión na que haberá liscos de balde ata que se esgoten. Continuarán o sábado con Trebol, que fará a dobre sesión e Tania Veiras, que actuará pola noite.

O domingo será a vez do grupo Fénix, que tamén farán dobrete.

Tanto sábado como domingo haberá misa solemne ás 13.30 horas.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE SOTAVENTO

O Parque Eólico Experimental Sotavento vén de repartir un premio de 400 euros en metálico ao gañador do seu XII Certame Renovable de Fotografía. O premiado foi Iria Porto, coa fotografía *O Quixote a través do espello*, elixida polo xurado entre unha vintena de candidaturas.

Este certame, que xa vai pola súa duodécima edición, ten como principal obxectivo dar a coñecer o mundo das enerxías renovables en xeral e a idea de Sotavento en particular. Deste xeito, neste concurso podía participar calquera persoa, sen límite de idade, co único requisito de que o tema principal da imaxe debía ser o Parque.



O PP municipal advirte dos erros do inventario de camiños

O PP reivindica unha "revisión máis minuciosa" do inventario de camiños ante as numerosas alegacións presentadas, escaso tempo para o seu estudo e o descoñecemento do seu contido por parte de moitos veciños e propietarios". Ademais, advirten que presenta "numerosos erros e inexactitudes: camiños mellorados con fondos públicos que non foron incluídos, catalogados como públicos camiños antigos de paso, omisión de camiños nos límites con outros municipios ou situación e

nomes de lugares incorrectos". Os concelleiros populares xa pedían no momento de abrir o prazo de alegacións que o goberno facilitase máis información e tamén propuxeron no último pleno abrir outro prazo de e expoñer o documento e os mapas en cada parroquia; pero "o alcalde negouse a pesar de que seguen chegando alegacións e reclamacións fóra de prazo -rematou a finais de xuño- porque os veciños e veciñas non tiveron coñecemento ou tempo para formulalas previamente".

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES
REVUELTOS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
DE BARRIL DE BARRIL

HAMBURGUESAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
FRESAS DE VERDAD FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
ENSALADAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR

PASTAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
CON SALSA VARIADA FRECCIA COMIDA ALGO PICAR

RAXO FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
PATATAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR

SABOREAR FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
TORTILLAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR

ALGO PARA COMPARTIR FRECCIA COMIDA ALGO PICAR
TAPAS FRECCIA COMIDA ALGO PICAR

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

SANDRA CARBALLEIRA

MASAJES • TRATAMIENTOS CORPORALES
MANICURAS Y PEDICURAS

Móvil: 633 803 001

Chega o 10 a XII edición do Festival 27373

A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai celebrar a duodécima edición do Festival 27373 que terá lugar o sábado 10 de agosto no Club Fluvial.

O Festival 27373 caracterízase por ser o único festival do concello de Begonte, un dos poucos festivais cunha programación íntegra en galego, que apoia a grupos emerxentes e que nos últimos anos conta, polo menos, cun grupo integrado maioritariamente por mulleres. Unha aposta pola lingua e pola visibilización da muller nos escenarios.

O festival está dividido en dúas partes. Polo día, a programación vai dirixida aos máis pequenos e ás familias. A partir das 13.45 horas comezará unha atractiva sesión vermú con música tradicional a cargo Aloumiña e Axeigo, na que poderase gozar, en exclusiva, das cervexas oficiais do Festival 27373. Xa pola tarde, a partir das cinco, comezará o tradicional Aberto de Billarda coa colaboración da Asociación O Varal. Ás 17.30 horas, haberá ludoteca ambulante coa Chintofanería e ás 18.00 celebrase un campionato de cimbrón.

Abrindo o festival de noite, sobre as 21.00 horas subirá ao escenario Nimbos. O grupo nace nas Pontes no 2023, grazas á iniciativa de Antía Franco Caaveiro. Nimbos está composto por Antía Franco (voz, fruta traveseira, gaita), Álvaro García (guitarras), Diego Barro (percusión) e Xalo Rubio (acordeón).

Os seguintes en subir ao escenario serán Loita Amada, o novo proxecto do Jásper, un dos históricos



do rock en galego que pasou por bandas xa míticas como Xenreira ou Nao. Unha banda que intenta darlle un novo aire á canción protesta galega, con letras cargadas de mensaxes revolucionarias e socialmente comprometidas, cunha mestura entre o rock combativo e a sensibilidade.

Loita amada pasará por Begonte, na súa xira 2024, chamada Rematou o simulacro. Sen dúbida, unhas das actuacións máis agardadas pola xente rockeira de Begonte.

Manu Kasoaparte será o encargado de clausurar o festival. É artesán, maquinador de chintófanos, billardeiro, habitual no torreiro do Festival 27373 durante moitos anos e músico, polo que non podía faltar nesta edición. Con Manu Kasoaparte estrearse estilo novo no festival, pois o punk de aldea, nunca estivo presente e contarán cun novo formato pois este derradeiro concerto será abaixo, no torreiro, preto da xente que é onde a el lle presta.

A asociación de Santalla de Pena reclama o arranxo das súas pistas

A Asociación Veciñal de Santalla de Pena, integrada na Federación provincial de Asociacións

Veciñais Lucus Augusti de Lugo, dirixiuse á Concellería de Vías e Obras do Concello de Begonte para denunciar o lamentable estado actual que presentan as pistas municipais desta parroquia.

A asociación engadiu na súa protesta unhas imaxes tomadas neste mes de xullo do ano 2024, "non resulta difícil adiviñar a problemática diaria que este ocasiona nos transeúntes, e moi especialmente, nos condutores/as e nos seus respectivos vehículos", din. A este respecto, desde a Asociación Veciñal de Santalla de Pena, solicita ao Concello de Begonte, a través da súa Concellería de Vías e Obras, que proceda, o máis axiña posible, ao arranxo e reparación do pavimento -e eliminación da multitude de fochancas presentes- das pistas



municipais; do mesmo xeito que a eliminación da maleza presente nos límites laterais das mesmas e tamén, en múltiples casos, na súa interior, "mostra evidente do tempo que leva sen ser reparado devandito pavimento".

Así mesmo, fan un chamamento e petición especial, desde a Asociación Veciñal de Santalla de Pena, ao Concello de Begonte, en relación á supervisión do peso/tonelaxe dos

camións de transporte de madeira que circulan polas pistas municipais, xa que a miúdo exceden a tonelaxe permitida, ocasionando, á súa vez, múltiples desfeitas nas pistas municipais.

"Agardamos que as nosas peticións sexan atendidas o máis axiña posible, xa que afectan á seguridade e vida diaria de multitude de veciños e veciñas desta parroquia.", conclúen.

O Concello crea un servizo de ludoteca gratuito para a conciliación familiar

O Goberno Municipal do Concello de Begonte nos últimos anos puxo en marcha un programa de reforma educativa enfocada tanto na mellora das instalacións como na mellora da calidade educativa e a conciliación da vida familiar e laboral no que cabe destacar o renovado CEIP plurilingüe Virxe do Corpiño, a Escola Municipal de Música e conservatorio e a Escola Infantil, en construción.

A estas iniciativas súmase o pro-

grama madrugadores, que tan boa acollida tivo nestes últimos anos, que se implementa dende agora coa colaboración da Xunta de Galicia para a posta en funcionamento dunha ludoteca que pretende colaborar coas familias na conciliación da vida familiar e laboral.

O servizo púxose en marcha o 15 de xullo. Durante o período estival levarase a cabo no edificio da Antiga cámara agraria en horario de 8:30 ás

15:00h, mentres que ao comezo do curso escolar, se trasladará ao CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño, incluíndo o actual programa madrugadores, que se presta de 8:00 a 9:30, e estendéndose despois da xornada lectiva entre as 16:00 e as 20:00h.

Para poder participar neste programa é necesario cubrir un formulario e entregalo no Concello de Begonte en horario de 09:00 a 14:30h ou telematicamente pola sede electrónica.

Continúan en Begonte as viaxes á praia todos os domingos do verán

O Concello de Begonte continúa coa súa actividade Domingos á praia que iniciou en xullo.

A actividade consiste en organizar visitas dun día aos distintos areais das provincias de Lugo e A Coruña con saída ás 10.00 horas fronte á oficina de Abanca e regreso ás 19.30 horas. Para participar é necesario inscribirse a semana anterior a cada viaxe, que ten un prezo de 5 euros.

Realizáronse xa visitas ás praias de Foz e Ares e en agosto o programa establece a primeira visita o domingo 4 de Covas, en Viveiro, seguida das de Riazor, Cabanas e rematarán en Foz.

140.000 euros en axudas de Augas de Galicia

A Xunta de Galicia concederá axudas por un importe global de 4,7 millóns de euros para que concellos e comunidades de usuarios poidan executar este ano 265 actuacións entre obras e auditorías co obxectivo de mellorar o funcionamento dos seus sistemas de saneamento e de abastecemento.

Así o avanzou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, no transcurso dunha visita ao concello de Begonte para facer balance das catro liñas de subvencións convocadas en 2024 por Augas de Galicia para avanzar na profesionalización da xestión dos re-

ursos hídricos e seguir colaborando cos concellos.

Tras explicar que Begonte é un dos 167 concellos galegos que se beneficiarán destas últimas convocatorias, con dúas axudas concedidas por máis de 55.000 euros para auditar a súa rede de saneamento e para levar a cabo obras destinadas a reducir as perdas de auga, a responsable autonómica felicitou ao alcalde, José Ulla, por poñer a xestión da auga entre as súas prioridades e apostar pola mellora continua do servizo.

Neste sentido, puxo a Begonte como exemplo do esforzo municipal por



mellorar a calidade de vida da veciñanza a través da optimización dos recursos hídricos. De feito, lembrou que desde 2019 recibiu preto de 140.000 euros en subvencións de Augas de Galicia, sendo o concello lucense con máis achegas deste tipo e o quinto de toda Galicia.

Ante a boa acollida recibida por par-

te dos concellos, Ángeles Vázquez explicou que a Xunta decidiu ampliar en 2,93 millóns de euros o orzamento inicial das tres liñas dirixidas ás entidades locais, un esforzo que supuxo triplicar os fondos dispoñibles e permitirá chegar ao 100% dos concellos solicitantes e que cumpren todos os requisitos.

“A votación reflectiu un gran desexo de cambio da directiva”

Pablo Rico Echegaray é o novo presidente da Federación Coral Galega

O meirego Pablo Rico Echegaray, aos seus 23 anos, vén de facerse coa presidencia da Federación Coral Galega, unha entidade que levaba décadas sen mudar a dirección e á que quere achegar moitos cambios.

Como foi proceso electoral?

As eleccións deste ano na Federación Coral Galega supuxeron unha enorme revolución. O anterior presidente estivera gobernando ininterrompidamente durante moito tempo e nunca houbo outro candidato que se presentase. Esta vez foi diferente, xa que decidín postularme debido a que consideraba que o financiamento, ambición e proxectos da anterior directiva eran insuficientes para as necesidades da federación. A semana de campaña foi intensa: chamei persoalmente a practicamente a todos os coros federados para expoñer as miñas ideas e escoitar os seus problemas. Atopeime cunha realidade preocupante: moitos coros afrontan serios problemas para levar a cabo a súa actividade debido á falta de apoio económico, e a federación non estaba para axudalos.

Como decide presentar a candidatura?

Decidín presentar a miña candidatura co convencemento de que se podían facer as cousas de xeito distinto na federación. Vin que era necesario un cambio para revitalizar e apoiar verdadeiramente aos nosos coros. Afortunadamente, atopei no proceso electoral a moita xente que, sen coñecerme, brindoume enteiraamente o seu apoio. Moitos presidentes das corais traballaron comigo para que se producise o cambio necesario incluído as persoas que conformaban a miña candidatura. Estoules profundamente agradecido porque sen eles non sería posible. A miña mocidade (teño 23 anos) xogaba claramente en contra e aínda que dirixi seis coros e xestiono a Coral Polifónica de Meira, o compromiso e o traballo que me caracterizan eran descoñecidos por moitas corais.

Como foi o resultado?

O resultado foi moi alentador. A votación reflectiu por unha ampla maioría o desexo de cambio na federación e a necesidade de facer as cousas doutra forma. Este apoio maioritario mostra que a nosa comunidade está lista para unha nova etapa, máis dinámica e ambiciosa. Estou agradecido pola oportunidade de liderar este proceso e comprometido a traballar arduamente para apoiar a todos os coros, especialmente aqueles que afrontan dificultades.

Como foi esta primeira toma de



contacto?

Asumimos o cargo hai apenas dous meses e cómpre sinalar que realizamos o noso labor de maneira totalmente altruísta. Un dos nosos primeiros pasos foi realizar unha auditoría exhaustiva para revisar e organizar toda a documentación e os orzamentos entregados pola anterior directiva. Esta medida foi crucial para establecer unha base sólida e transparente desde a cal operar. Ademais, recoñecemos a importancia de ter unha forte presenza nas redes sociais na actualidade. Por iso, creamos contas de Facebook e Instagram para a Federación Coral Galega, facilitando así a comunicación e promoción das nosas actividades entre os nosos membros e a comunidade en xeral. Tamén establecemos unha comunidade en WhatsApp con todos os coros e directores, o que nos permitiu mellorar a comunicación interna e actualizar o contacto das corais. Recentemente, presentamos o proxecto *A Coral do Futuro* ao Conselleiro de Cultura José López Campos nunha reunión moi positiva xunto co seu equipo na sede da Xunta en Lugo. Estamos moi satisfeitos de recibir o seu compromiso de aumentar significativamente o apoio económico por parte da Xunta de Galicia e o interese que amosou polas actividades que proxectamos para federación.

Cales son os obxectivos e proxectos?

Para este ano estamos coa organización da Romaría Coral Galega, un evento que reúne a numerosos coros de toda Galicia e que este ano se levará a cabo nun auditorio para ampliar o seu impacto e participación. Tamén a realización dun curso de dirección coral con Maddalen Dorronsoro, recoñecida profesional no ámbito coral e o establecemento do Coro da Federación, ademais da celebración dun festival de coros

infantís e xuvenís para promover a participación e o talento entre os mozos. Para o remate do ano crearemos a revista federación, destinada a difundir e compartir as actividades e logros da nosa federación coa comunidade coral. Para o próximo ano crearemos un Certame de Canto Coral, que constará de fases previas a nivel provincial e unha fase final destacada. Este evento será unha plataforma para promocionar o talento coral galego. Asociado ao certame de canto coral, realizaremos un certame de composición para coro. As obras gañadoras deste certame serán as pezas obrigadas que se interpretarán durante o certame de canto coral. Centrarémonos tamén na dixitalización completa da nosa páxina web. Isto incluírá unha renovación integral para mellorar a accesibilidade, a interacción e a difusión de información sobre as nosas actividades e recursos. E por suposto o fomento da música coral entre a xente nova, cun Certame Coral Infantil e Xuvenil no que poidan participar colexios e institutos.

Canto tempo leva vostede no mundo da Coral?

Comecei a participar activamente aos 16 anos, dirixindo o coro parroquial de Meira e antes xa cantaba coro do conservatorio de Lugo. Logo, coa creación da Coral Polifónica de Meira, a miña implicación no ámbito coral intensificouse e comecei a dirixir máis corais. Na actualidade, teño o privilexio de dirixir seis corais distintas: a Coral Polifónica de Meira, a Coral Polifónica de Abadín, a Coral Ecos do Ulla de Monterroso, o Orfeón Xoán Montes de Lugo, a Coral Ecos do Miño Astelu e a Coral de Maiores de Telefónica de A Coruña. Ademais, estudo no Conservatorio Superior de Música da Coruña a carreira de Dirección de coro, banda e orquestra.

Que supón para Meira este nomeamento?

O nomeamento como presidente da Federación Coral Galega representa unha gran honra para a Coral de Meira. Como director e secretario da coral, son o representante da coral nos órganos de goberno da federación, polo que a Coral de Meira agora mesmo ostenta a presidencia da federación o cal é unha gran responsabilidade. Este nomeamento tamén é motivo de orgullo para o concello de Meira e para a provincia de Lugo en xeral, pois destaca o noso papel na promoción da cultura musical e na representación da nosa provincia a nivel galego.

Meira prepárase para vivir as Festas do Quince

A Comisión de Festas de Meira fixo público o programa deste ano, que terá lugar do 15 ao 17 de agosto.

As festas na honra da Nosa Señora terán o seu inicio o xoves 15 cun pasarrúas con charanga e, a continuación, misa solemne con Coral Airiños do Miño como acompañamento e procesión a cargo da Banda de Música de Meira. Na sesión vermú de despois, actuarán o grupo Xoldra.

O día de San Roque comezará ao día seguinte, 16 de agosto, cunha nova sesión de pasacalles e procesión ás 12.30 horas á capela de San Roque acompañada polo grupo de Gaitas de Meira. Finalizará esta cunha misa maior ás 13.00 horas, á que seguirá a tradicional sesión vermú co trío Café Olé, que tamén se encargará da verbena, xunto a Disco Móbil Euphoria.

Pola tarde, ás 19.30 horas haberá un espectáculo da man de Tanito Clown e Máxico Brais.

A programación rematará o xoves 17 coa xira campestre no Porto da Pena na que estará La Hora Bruja en sesión vermú e haberá festa da escuma.

CONCERTO. Coma unha antesala ás festas de Meira, a localidade acollerá o día 8 de agosto, xoves, un concerto de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, que terá lugar na Igrexa de Santa María de Meira ás 20:00 horas.

Esta actuación ten un prezo de 20 euros se se compran na Oficina de Turismo e de 22 na plataforma en liña.

As entradas son limitadas.

Ao día seguinte haberá unha nova



actividade tradicional por estas datas e moi seguida. Trátase da Festa do Bolo Preñado, que terá lugar ás 21.30 horas e que virá precedida polos cantos de taberna, a partir das 20.00 horas. Participarán este ano Raíñas ao lado de..., Os de Aquí, Os do Medio, Son de Outeiro e Os Agustiños.

Esta actividade está organizada pola asociación O Pedregal.



Rúa Campo de Puente 65 baixo VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosbradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Dbradoiro Doce



Preto de 4.000 persoas visitaron o zoo Avifauna

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da asociación centro de interpretación Avifauna, Antonio Ibáñez Burgo, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000 euros. A través desta colaboración a Deputación contribúe ao funcionamento deste zoo ornitolóxico, situado no concello de Outeiro de Rei, e que alberga cerca de medio millar de aves de 250 especies diferentes.

Concretamente, a institución provincial fai posible a execución dun programa educativo, que inclúe visitas guiadas gratuítas por este

centro de interpretación, e no que participaron preto de 4.000 persoas no ano 2023. A principal finalidade desta iniciativa é sensibilizar a poboación sobre a conservación do medio ambiente, o coñecemento das aves, as súas principais ameazas e as medidas de conservación existentes.

Así mesmo, este proxecto, que se dirixe a ANPAS, centros escolares da provincia e asociacións sen ánimo de lucro relacionadas co ámbito da cultura, a natureza, a educación, a discapacidade e a integración, contribúe ao coñecemento da riqueza da fauna que habita en Galicia e a unha mellor conservación do patrimonio natural da comunidade.

O concurso musical da casa museo de Manuel María xa ten finalistas

A Casa-Museo Manuel María fixo pública a resolución do Xurado da primeira fase da IIIª edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais que ten por obxecto premiar a mellor canción lírica para voz e piano escrita sobre un poema de Manuel María. Un concurso, o desta edición, que contou cun incremento do número de composicións presentadas respecto á edición anterior e cunha significativa participación de concursantes de fóra da Galiza. De feito, entre as cinco composicións finalistas encóntranse as dúas presentadas por Saúl Aguado de Aza, nacido en Madrid e residente en Segovia, e a presentada por Francisco José Carbonell, nacido en Valencia e residente en EE.UU.

O xurado decidiu escoller 5 composicións para pasar á fase final, o máximo que se prevé nas bases da convocatoria. Unha vez abertas as plicas foron designados como finalistas O carro, María Mendoza, presentada baixo o lema Centola da ría; Galiza, Saúl Aguado de Aza, presentada baixo o lema Saudade de Galiza; Neno, Saúl Aguado de Aza, presentada baixo o lema Saudade de Galiza; Mito, Luis Serrapio Fernán-

dez, presentada baixo o lema Lual, e Galicia, Francisco José Carbonell Martredona, presentada baixo o lema Dunedain.

A canción gañadora determinarase entre estas 5 finalistas nun concerto público no Auditorio da Casa-Museo Manuel María o día 26 de outubro.

O xurado estivo presidido por Margarita Viso Soto, compositora, pianista acompañante, editora de música e musicóloga. Como vogal actuou Alejo Amoedo Portela. Catedrático

de Música e Artes Escénicas na especialidade de Repertorios con Piano para Instrumentos. Tamén como vogal, Julio Cabo Meseguer. Catedrático no Conservatorio Superior de Música da Coruña. Actuou de secretario, con voz e sen voto, Alberte Ansede, presidente da Fundación Manuel María.

O certame conta cun premio en metálico de mil euros para a composición gañadora e a publicación das partituras finalistas.

CONVIVIO DA CULTURA GALEGA



A Casa Museo Manuel María acolleu o acto de inauguración da XI Convivio da Cultura Galega, que reúne o asociacionismo de base do país arredor do legado do poeta. A festa continuou durante a tarde cunha foliada e un concerto de Os Carunchos na carballeira de Santa Isabel.

San Lorenzo de Aguiar celebra unha xuntanza o día 10



A parroquia de San Lorenzo celebra o 10 de agosto unha xuntanza. O sábado ás 13.00 darán comezo as celebracións cunha misa solemne na honra a San Lourenzo para continuar cunha sesión vermú a cargo da orquestra Epo-K. Este mesmo grupo ocupárase da verbena ese mesmo día.

Está prevista un xantar popular ás 15.00 horas a base de entremeses, polbo, churrasco mixto, sobremesa, bebida e café a un prezo de 30 euros para socios e de 25 para non socios.

Este mesmo menú dá dereito a desfrutar duns pichos á hora da cea. Ademais, pola tarde, haberá xogos populares para todas as idades. Os que desexen participar deberán inscribirse con antelación no 603 737 591 e no 686 381 039.



Outeiro de Rei rendeu tributo ao sector artesán

Outeiro de Rei volveuse a encher de decenas de veciños e visitantes que se achegaron á XIV edición da Feira de Artesanía, que coincidiu coas festas patronais na honra de Santa Isabel. O evento, que é todo un escaparate das elaboracións manuais, contou coa asistencia 63 postos de artesanía e 18 de alimentación.

Acudiron artesáns de cerámica, cestería, madeira, instrumentos de música tradicional, gancho e calceta, xoiaría, coiro, traxes rexionais, ferro, complementos de moda, decoración, cartón pedra, cerería, cosmética natural e xabóns naturais, bixu-

tería, esmaltes, cantaría, macramé, bolillos, manualidades, antigüidades, etc. Pola súa parte, a oferta en canto a alimentación tamén é variada pois encóntranse mel, produtos de panadería, embutidos, queixos, chocolates, doces, viños e licores e outros.

O programa da feira arrancou coa III Andaina Solidaria organizada pola Asociación Somos Unidos por el cáncer, asociación presidida por José Manuel Vázquez. Ao longo da xornada houbo demostracións in vivo de oficios tradicionais e tamén dalgúns dos traballos.

O BNG acusa ao alcalde de adxudicar o bar das piscinas "a dedo"

O pasado 5 de xullo, un día antes da Romaría da Santa Isabel, a Alcaldía fixo a concesión para a explotación do bar das piscinas municipais a unha persoa "afín ao alcalde, sen que existira ningún tipo de concurso público nin publicidade previa", tal e como subliña o BNG.

Afirman que este convenio, que se fai en principio pola duración da temporada, vai ser completamente gratuíto, pois o concello non ingresará ningún tipo de remuneración polo bar da piscina que é de toda a veciñanza. "Iso ocorre a pesar dos graves problemas económicos polos que está a atravesar o concello nestes momentos".

"Ademais disto, chama poderosamente a atención que con antelación á sinatura do convenio de explotación, a persoa agraciada xa estivera publicitando nas redes sociais a apertura do citado bar, co logo xa deseñado e tendo xa bus-

casadas as persoas que ían traballar nel durante as festas de Outeiro", engaden.

"Esta é a forma habitual de actuación do alcalde, para o cal os bens públicos pagados por toda a veciñanza están só para o desfrute e beneficio del e dos seus aíns, poñendo sempre por diante o seus intereses particulares sobre o ben común das persoas de Outeiro", din.

Dende o BNG piden responsabilidades á Alcaldía por esta "cacicada", esixindo ademais que se convoque un concurso público para que todas as persoas que queiran participar o fagan en igualdade de oportunidades.

As piscinas foron entregadas ao concello o pasado 31 de maio, "pero dende a Alcaldía non se foi capaz de facer os trámites necesarios para poder abrilas para o seu uso todo o verán", engadiron.

DEPUTACIÓN

Rueda e Tomé achegan posturas en temas sociais e de turismo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse co presidente da Deputación, José Tomé, con quen acordou impulsar a colaboración entre ambas dúas administracións en materia de infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo.

Así o explicou nunha rolda de prensa tras a reunión, que cualificou de “constructiva e operativa, na que avanzamos en moitos asuntos”. Con esta xuntanza, remata a rolda de contactos que o titular do Executivo galego comezou o mes pasado co obxectivo de sentar a falar co presidente da Fegamp, cos das catro deputacións e cos alcaldes das grandes cidades cos que non se tiña reunido: Lugo e Vigo.

“É a primeira vez en cinco anos que levo á fronte da Deputación que me reúno co presidente da Xunta. Son encontros que serven para falar, propoñer os diferentes puntos de vista e buscar solucións. Agardo que estas reunións continúen, eu mesmo convidei a Alfonso Rueda a continuar con estas reunións de traballo no Pazo de San Marcos. Ao remate do encontro o Presidente da Deputación entregoulle a Alfonso Rueda como agasallo institucional un exemplar do libro Proxectos para o Hospital de Isabel II, o Instituto de 2ª Ensinanza e a Deputación.

O mandatario provincial e o titular da Xunta acordaron crear grupos de traballo para abordar a transferencia de infraestruturas viarias entre administracións, tendo en conta que a Deputación de Lugo é a que administración provincial que máis quilómetros ten, máis de 4.200km.



En relación á Ronda Leste, Tomé propúxolle a Rueda que a Xunta declare este proxecto como unha obra de interese supramunicipal, ademais de poñer sobre a mesa un trazado alternativo que non afecte ás masas arbóreas nin ao leito e contorna do río Rato, conectándose directamente coa N-VI na gasoleira do Miño.

ESTRADAS. En canto á estrada do Courel, a LU-651, Tomé Roca urxiulle a Rueda o arranxo integral da vía e que se axilice a reparación do treito que se derrubou. O titular da Xunta comprometeuse a licitar este ano esas obras de reparación do treito que se derrubara e darlle continuidade ás obras para “que os cidadáns desta zona da Montaña teñan unha mellor comunicación da que teñen, así que estaremos vixiantes para que se cumpra coa palabra dada”.

Pola súa banda, pediulle a reactivación da VAC Costa Norte, dándolle prioridade á variante de Viveiro “para sacar esa cantidade de tráfico que hoxe atravesaba a diario por esta cidade”. Tomé comprometeuse, así mesmo, pedirle ao Goberno do Es-

tado axilizar a autovía A-74.

Tamén en materia de infraestruturas, o Presidente demandou que se desdobre a autovía Nadelá-Monforte pola súa importancia social. “Rueda amosoume o seu compromiso de traballar nese sentido, dando debido cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia, coa intención de facer chegar esta autovía ata Monforte, algo que resultaría moi beneficioso para a zona sur da provincia”.

Tomé trasladoulle, así mesmo, a súa preocupación polo estado da sanidade pública e sobre o Servizo de Axuda no Fogar coincidiron en que os concellos están asumindo forte cargas orzamentarias para este servizo. Tamén trataron temas máis locais como o campus de Lugo, a creación dun Plan Industrial para Galicia que inclúa melloras para o Porto Seco. Tamén acordaron analizar o financiamento do Consorcio Provincial de Bombeiros da Provincia de Lugo para que se faga dun xeito semellante a Ourense e Tomé pediu acordo entre a Xunta e a Fegamp para a distribución do canon da auga.

O Pleno reclama á Xunta un plan integral de atención sociosanitaria

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia o deseño dun Plan Integral de Atención Sociosanitaria que garanta o acceso aos servizos sanitarios das persoas maiores e das persoas dependentes, tanto do medio urbano como do rural, residan nos seus domicilios ou en establecementos vencellados á rede asistencial pública ou privada. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo, tras a moción presentada polos socialistas, que foi aprobada por unanimidade cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que o cambio que propón facer a Xunta ao decreto que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a maiores “ten un carácter lesivo para os centros de menor tamaño” -como os que compoñen a rede da Deputación- porque a ratio de persoal de enfermería con que obriga a contar resulta máis custoso para os centros pequenos que para os de carácter masificado que propón o Executivo autonómico.

O texto da moción aprobada reclama ademais que o Plan garanta o acceso á carteira de servizos sanitarios de todas as persoas usuarias dos centros da rede asistencial a maiores -residencias, fogares asistenciais ou vivendas comunitarias- de xeito que non se produ-

zan situacións de desigualdade en función da tipoloxía do centro, do seu tamaño o do seu tipo de xestión. Inclúen ademais a demanda do reforzo inmediato dos servizos sanitarios do rural, especialmente no que fai referencia a Atención Primaria; e o reforzo do persoal de enfermaría, así como dos medios materiais necesarios para garantir a atención ou traslado a centros sanitarios dos maiores usuarios de residencias sempre que o precisen. O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que anule a suba do canon de recollida de lixo anunciada por Sogama o pasado mes de xuño aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e coa abstención do PP.

EDUCACIÓN. A iniciativa do BNG, e pese ao voto en contra do PP, o pleno provincial reclama á Consellería de Educación que respecte os ratios que estableceu e suspenda os agrupamentos e recortes de persoal previstos nos colexios da Fonsagrada, Alfoz, Baleira, Bóveda, Ribas de Sil, Sober, Bóveda ou Pantón, onde as ANPAS se están mobilizando para manter a calidade.

Tamén durante o último Pleno o alcalde do Incio, Héctor Manuel Corujo González, tomou posesión como deputado provincial do PP en substitución de Carmen José López Pérez.

Captan fondos europeos para a modernización dos padróns

A Xunta de Goberno da Deputación aceptou un investimento de máis de 1,2 millóns de euros de Fondos Europeos para desenvolver un novo proxecto que servirá para a modernización dos padróns municipais da provincia. Así o informou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que o Ministerio de Política Territorial comunicou a súa decisión de conceder á institución provincial 1.260.000€ para desenvolver o proxecto Xeopadrón.

Rivera Capón indicou que estes fondos, que forman parte do Plan

de Recuperación, Transformación e Resiliencia habilitado polo Goberno do Estado, beneficiarán aos 67 concellos da provincia e permitiránlles seguir mellorando o funcionamento dos propios Concellos e prestar así un mellor servizo público aos veciños e veciñas.

“O que imos levar a cabo con esta importante dotación económica é a revisión en profundidade da información que o Instituto Nacional de Estatística ten en cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas”, detallou. “En concreto, poñeremos en marcha un novo

sistema de xestión da información sobre os territorios de ámbito municipal, revisando os datos do padrón que ten cada concello e contrastándoos cos que dispón o Instituto Nacional de Estatística (INE). Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, avanzou o Deputado.

Nas súas palabras destacou que “a concesión desta axuda económica vén a demostrar a capacidade que temos dende a Deputación para conseguir fondos da Unión Europea”.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

TEMPO DE VERÁN

“Estabamos na verbena contratando ás orquestras para o ano seguinte”

Especialmente no verán vese o resultado do esforzo de centos de comisións que loitan porque as tradicións non se perdan apoiándose nuns preparativos que comezan moito antes

Lucía Blanco

Ir de porta en porta para xuntar o diñeiro, horas de traballo para pechar o programa, organizar xuntanzas para conseguir financeiro, xestionar as subvencións e meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido.

“A xente pregunta como facemos. Este ano estabamos vendo á París de Noia, que abría as festas, e no primeiro pase dous da comisión andabamos cerrando orquestras

para o ano que vén”, explica Jairo López da comisión das Gándaras, en Lugo.

AS GÁNDARAS, LUGO

A ese nivel chega a planificación. “Os veciños están empezando a desfrutar das festas e nós xa estamos pensando nas próximas”, detalla este mozo que leva 14 anos na organización da cita, un cargo que parece xa “vitalicio”. “Non che está asignado pero ou decides ti parar ou se é polos veciños probablemente non pares. No 2019 o meu compañeiro e eu anunciamos que íamos facer un parón porque levamos case unha década traballando e non fomos capaces porque nos pedían seguir”.

Jairo, que conta con experiencia máis que sobrada, asegura que cada vez son máis complexos os preparativos. “As cousas empezaron sendo moito máis fáciles do que son hoxe en día. Principalmente porque cambiou o papel do Concello e tamén a normativa da Xunta en canto a festas no 2018, todo se foi complicando, que nunha parte é necesario pero costa”. A alta demanda en canto a formacións tamén os obriga a adiantar as contratacións. “Se queres conseguir unha orquestra como a París ou Cinema, necesitas unha planificación dun ano polo menos e sendo en marzo, se fora en xullo e agosto xa necesitarías un par de veráns como mínimo”.

Grazas ao seu esforzo lograron que o San Xosé sexa unha das celebracións referentes na cidade. “Nos últimos 14 anos medrou bastante, de ser unha festiña de barrio pequena que non viña ningún, só os propios veciños, a ser unha das grandes aquí”. Pero non quixeron quedar aí, polo que os 7 membros desta organización tamén se animaron a volver a poñer no calendario unha tradición que levaba tempo desaparecida para o barrio, o San Xoán.

“Facíao a asociación de veciños e quixemos recuperala como unha xuntanza veciñal”. Pero a acollida que tivo sorprendeunos. “Ao final veu moita xente, non contabamos con que tivera tanto éxito. Estamos moi agradecidos porque todos desfrutaron e mentres os veciños estean contentos non

pode haber outra maneira”. Destaca que sempre contan co seu apoio. “Moitos colaboran con nós ao longo do ano, mesmo no San Xoán chegou o momento que se nos foi das mans e algúns arremangáronse e axudaron a botar a festa adiante”.

O NOSO FOZ

Na comisión O Noso Foz tampouco descansan. Encárganse de organizar, xunto co Concello, algunha das citas máis consolidadas no municipio focense, entre elas o Entroido ou o San Lourenzo. Tamén colaboran nas Festas do Carme que se celebraron na vila, como vén sendo habitual, no mes de xullo, aínda que a súa preparación arrancou en agosto do ano pasado. “A organización foi dura, como todos os anos! Pero estamos rodeados de xente boa e moi válida que nos axuda sempre en todo o posible”, din. O pregón, as verbenas, as presentacións literarias e as alfombras florais protagonizaron o programa porque o seu obxectivo sempre é “adaptar as patronais e as festas do concello a todos os públicos, que poidan desfrutar desde os máis novos ata os máis maiores”. Recoñecen que cada ano é máis complicado organizar unha festa, “aínda que tamén gañas experiencia”. Son sete nesta asociación que se renovou fai un par de anos e que enriquece a oferta cultural do municipio con propostas musicais, de teatro, danza, literatura, exposicións, homenaxes ou iniciativas para os máis cativos. “Intentamos realizar sempre actividades para todos os públicos e repartidas un pouquiño por toda a vila, para que todos poidamos desfrutar delas durante estes meses de verán”. O esforzo “persoal e emocional” que conleva formar parte dunha asociación non pasa desapercibido para os integrantes. “Tes que invertir unha cantidade considerable de tempo para que as cousas saian. É unha responsabilidade tremenda e cada vez é máis difícil. É reconfortante traballar para a vila, pero tamén esgotador, quen diga que todo é positivo minte”. Pero o agradecemento por parte dos focenses, aos que animan a tomar parte na comisión, fai que todo esforzo pague a pena. “Animamos aos veciños a unirse á asociación, seguro que entre todos se farían unhas grandes festas e fai falta aire novo aquí dentro. Temos que recoñecer que grazas á comisión coñece-





mos xente increíble e iso é algo que nos levamos con nós para sempre”, afirman.

VILALBA

As patronais de Vilalba volven estar organizadas por unha comisión despois de varios anos nos que o Goberno local era o encargado dos festexos. Ramón, Vicente, Cristina, Sonia, Marta e Charlie deron un paso adiante para que os vilalbeses e vilalbesas non quedaran sen o seu ansiado San Ramón. “Estás esperando todo o ano polas festas, sobre todo o día 31 de agosto que vén xente que solo a ves eses días. Xa se nota no ambiente que se respira no pobo”, conta Vicente.

Ademais da financiación municipal, están a preparar o libro das festas e vendendo rifas para unha viaxe, sen data, valorada en 2.000 euros. “Tes que ir pedindo bar por bar, tenda por tenda e tamén facendo anuncios para que o pobo se implique. Xa non se pide casa por casa porque é unha loucura, pero estamos vendendo papeletas”, afirma Ramón. Andar, pedir, falar moito e días e máis días de dedicación, así se podería resumir o traballo. “Moita xente igual pensa que nos metemos na comisión para levarnos algo. E nós non levamos nada, ao contrario, estou co coche de arriba para abaixo. E constituímonos como asociación, todo vai coas súas facturas porque queremos telo todo ben”.

O traballo comezou no mes de maio e foi preciso axustarse ao máximo aos recursos económicos que contan. “Co diñeiro que temos queremos pagar todo e se chega para algo máis mellor. Se contratamos nós as orquestras xa sabes máis ou menos ata onde podes chegar, pero como xa estaban contratadas temos que pagalas, non vas cambialas porque tampouco quedan moitas coa cantidade de celebracións que hai na zona nesas datas”, explica.

Foliadas, pasacalles, verbenas, actividades para os máis cativos, a Xira ou o Día do Traxe Rexional conforman a programación deste ano que segue a fórmula tradicional. “É complicado facelo todo, temos por exemplo o Certame Literario que cumpre 50 anos e temos que axudar a que saia en condicións”. Porque a súa razón de ser é clara: “Estamos loitando para que os veciños teñan unhas festas e se xuntan cos seus seres queridos”.

OURAL, SARRIA

Asumir a responsabilidade nunha parroquia tampouco resulta nada doado. “Este ano quedamos dous á fronte, normalmente saen catro e dos catro que saíron máis dúas reservas non quixeron”, conta Javier Coto que, xunto con Jose, conforman a pequena comisión da parroquia sarriá de Oural, aínda que a experiencia venlle de familia. “Fai 40 anos os nosos pais estiveron na comisión. Nós somos amigos desde pequenos, así tamén discutimos menos —comenta entre risas—. Xa fixemos a festa fai 20 anos, aínda que non quedamos moi contentos co que se puido facer daquela e decidimos entre os dous facelo mellor esta vez dentro do que se pode”. Pecharon o programa no mes de novembro para as festas que celebran en xullo, pero ao longo do ano non cesaron na súa actividade. “Non é fácil, en moitos pobos igual se dan cotas máis grandes pero eu entendo que non se pode, aínda que se se quere ter festa hai que xuntar cartos”. Por iso organizaron o Magosto en novembro con sesión de Dj e música tradicional. “Foi moi ben, pero metémonos en moito gasto entón a ganancia foi pequena. Así que en abril tivemos a Festa da Xuventude e trouxemos charangas que nos cedeu a Deputación e un dúo. Contamos tanto co apoio dos veciños como moita xente que non era do pobo que veu e quedamos moi contentos.

Non temos queixa ningunha”. Precisamente, o factor económico, reconece, preséntase como o maior reto. “Xuntar os cartos faise duro. Facer unhas festas nas que a metade do presuposto ou mesmo un 60 % se xunta fóra do pobo supón moitas horas pedindo. Neste caso, todo o mundo

dixo que lle gustara o cartel pero tampouco se pode facer moito máis porque o prezo das orquestras é o que é e moitas das que están collidas xa sería inviable traelas tamén. Tivemos unha pequena colaboración da Xunta e todo axuda”.

As mans non sempre chegan, polo que tanto Javier como Jose están moi agradecidos as súas mulleres, xa que “sendo solo dous sería imposible”. Xunto coas horas de dedicación e o esforzo, hai que compatibilizalo coa rutina, destaca este camioneiro. “A idea de facer unha festa é traballar ao final vas sacando tempo de onde podes, é un ano e intentamos levalo o mellor que podemos”. Javier queda tamén co gran apoio do seu compañeiro. “Nós que somos amigos desde pequenos e vivimos no mesmo pobo pois serviunos para xuntarnos case todas as semanas. Dicímolo moitas veces, valeunos para coller un hábito que non debemos perder porque sempre andivemos xuntos e queiras que no co tempo valo perdendo”.

Son meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido



MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

DEPORTES



Begonte convoca a cuarta edición do seu torneo de pádel

O Concello de Begonte continúa coa programación deportiva e cultural de verán coa celebración do IV Torneo de Pádel que terá lugar os días 30 e 31 de agosto e 1 de setembro. A organización estableceu un prezo de 20 euros por parella, ata un máximo de 24, polo que será necesario inscribirse antes do 28 de agosto cubrindo a folga de inscrición e aboando a cantidade no concello en horario de mañá.

Establécese a categoría libre (masculina, feminina ou mixta) e a organización establece un *welcome pack* de agasallo, seguro de accidentes, bolas a cargo da organización e reparto de augas.

Haberá premios para os dous primeiros clasificados do cadro de honra e os 2 primeiros do cadro de consolación.

A inscrición pode facerse no WhatsApp 619 455 026.

Publicada a resolución de premios para deportistas individuais

O Boletín Oficial da Provincial publicou a resolución provisional dos premios a deportistas individuais da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, cun investimento total de 100.000 euros.

230 deportistas figuran na resolución provisional das bolsas, que oscilan entre os 300 e os 2.500 euros e que teñen como obxectivo apoiar a mellora e perfeccionamento de deportistas de modalidades individuais, ata os 35 anos.

Na avaliación das solicitudes, valóranse os resultados deportivos acadados en probas e campionatos na respectivas categorías -desde campionatos mundiais e europeos ata galegos e provinciais - ao longo de 2023, de acordo cos baremos establecidos nas bases.

A resolución está publicada no BOP do sábado 22 de xullo.



Diego Gómez faise co Volante Deputación

Diego Gómez Miguélez foi o vencedor do premio Volante Deputación no circuito da Pastoriza. O mozo, de 28 anos e de Antas de Ulla, que se clasifican por primeira vez para unha final do Volante, foi o máis rápido na final, polo que recibe como premio a participación como piloto titular no Rally San Froilán 2024, a bordo dun Dacia Sandero, dentro da estrutura da escudería PTC. Unha oportunidade para iniciarse na competición de forma totalmente gratuita e nunha das probas de maior prestixio do calendario galego de asfalto.

Pablo López Blanco, Adrián Fernández Fernández e Jesús Manuel Neira Lira completaron o cadro da final, que puxo fin a dúas xornadas de intensa actividade no circuito municipal pastoricense, o único circuito

oficial destas características na provincia de Lugo

Os catro mellores tempos estiveron polo tanto encabezados por Diego Gómez Miguélez, co 2.00.897, seguido de Pablo López Blanco (2.01.993), Adrián Fernández Fernández (2.04.534) e Jesús Manuel Neira Lira (3.00.000).

Preto de 160 pilotos participaron na proba organizada por PTC Escuela, que combina formación en conducción deportiva e competición. Todos os participantes recibiron un curso de formación técnica e conducción segura, para igualar e equilibrar os coñecementos.

Diego Gómez Miguélez recibirá formación específica para participar no rally San Froilán como piloto da escudería PTC.

EN BREVE

CD AS PONTES. Xaime Castro foi reelixido como presidente do CD As Pontes para os vindeiros catro anos por aclamación. O pasado día 18 de xullo, unha vez constatado que soamente había unha candidatura presentada, e dado que dita candidatura cumpría cos requirimentos esixidos, a Xunta Electoral do club, cumprindo coas normas electorais aprobadas na asemblea de socios do club o pasado día 10 de xullo, nomeou a candidatura encabezada por Xaime Castro como nova xunta directiva de cara aos catro anos.

MEIRA FC. O Meira FC mantén activo o seu grupo xuvenil co obxectivo de garantir a continuidade do club e medrar. O equipo, que se mantén en Segunda División da categoría provincial xuvenil, abriu un novo prazo de inscrición para seguir ampliando o seu número de xogadores. Esta está dirixida a mozos de nados entre 2010 e 2006 tanto de Meira como dos arredores. A inscrición é sen custo e esta pode facerse no teléfono 659 900 432. A primeira fin de semana de

agosto o Meira FC celebrará o seu primeiro Torneo de Fútbol Sala no pavillón municipal. O prazo de inscrición xa está aberto e ten un prezo de 150 puntos. Establecéronse cinco premios. O campión recibirá 1.000 puntos, o segundo 600 e o terceiro e cuarto, 250 respectivamente. Ademais haberá un premio ao mellor equipo local.

XERMADE. Durante catro días o Concello de Xermade organiza a XII edición do Torneo de Fútbol Manuel González Fernández. Para iso vén de abrir o prazo de inscrición para participar. O torneo desenvolverase os días 10, 11, 17 e 18 de agosto de 2024 nos campos de fútbol de Roupas, Xermade, Cabreiros e Cazás. Os equipos que desexen participar deberán presentar o impreso de solicitude. A documentación presentarase antes do 9 de agosto de 2024 no Rexistro Municipal, a través da sede electrónica. Os premios serán de 600 euros para o gañador, 525 para o segundo, 4765 para o terceiro e 450 para o cuarto.

O Vilalbés loitará este mes de agosto pola Copa Federación

A Fase Autonómica da Copa Federación abrirá o calendario competitivo desta tempada 24-25. Participan 14 equipos que militan na Primeira, Segunda e Terceira Federación. Quedan exentos os que xa están clasificados para a Copa do Rei e tamén os clasificados para a Fase Nacional da Copa Federación. O campión da Fase Autonómica clasificarase para a Fase Nacional que dá catro prazas na Copa do Rei. Cabe recordar que o vixente campión é o Ourense CF, que a tem-

pada pasada impúxose ao Rácing Vilalbés na quenda de penaltis na final disputado no campo da Medela de Taboada.

A primeira sesión terá lugar o 4 de agosto e pola provincia de Lugo participarán o Viveiro e o Vilalbés, que se enfrontará entre eles, e a Sarriana, que xogará co Betanzos. Na fase de cuartos, prevista para o día 7 de agosto, incorporárase o Lugo á competición, que vivirá o día 15 as semifinais, para coñecer o campión na final do 18 de agosto.



Vilalba recibe ás cadetes do Club AP San Ramón polo seu ascenso

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira de Deportes, Paula Vigo, recibiron ás integrantes do equipo cadete feminino do Club de Triatlón AP San Ramón, que acadaron un meritorio ascenso á Primeira División na Liga Talento de Triatlón. Sara Basanta, Nerea Guerra, Mariña Esmorís, Eugenia Vérez e Andrea Vivero son as cinco integrantes que conforman o equipo cadete feminino do club de triatlón vilalbés e que se situaron esta tempada no segundo posto da Segunda División, o que lles permitiu dar o salto á Primeira. Ademais das cinco rapazas, tamén foron protagonistas da recepción os seus compañeiros, que participaron con elas nas competicións por relevos e que as acompañaron tamén na visita ao Concello; arroupadas ademais por outros integrantes do club, o adestrador e as súas familias. "É un orgullo para nós ver crecer aos clubs da nosa vila e poder felicitálos en cada un dos seus logros" sinalou a alcaldesa, Marta Rouco,

que cualificou o equipo cadete feminino de triatlón como "un auténtico exemplo de esforzo e dedicación ao deporte, pois estamos a falar dunha disciplina moi esixente na que estas rapazas veñen de demostrar que son grandes promesas".

Para amosarlles a súa admiración e o recoñecemento ao recente logro acadado, a alcaldesa, Marta Rouco e a Concelleira de Deportes, Paula Vigo, agasallaron ás protagonistas co recoñecemento oficial da institución local, un pin co escudo do Concello de Vilalba. Ademais, a rexedora aproveitou para transmitirles persoalmente a súa admiración e felicitacións, ao igual que a concelleira Paula Vigo.

Finalmente, Rouco lembrou que "nos últimos meses recibimos a varios deportistas de distintas disciplinas no noso Concello para felicitálos polos seus logros, o que amosa as grandes promesas que temos no noso municipio e o compromiso co deporte da veciñanza vilalbés".

O CD Lugo escolleu Pol para xogar un partido da súa pretempada

O CD Lugo escolleu o novo campo municipal de Pol para celebrar un partido de pretempada ante o Spórting de Gijón. O duelo terá lugar os mércores 7 de agosto, ás 19.00 horas e será unha boa ocasión para ver enfrontarse a dous grandes da competición nacional.

Este partido xógase en Pol grazas ao acordo acadado entre a presidencia do club albivermello e o alcalde, Lino Rodríguez Ónega. Sen dúbida, a categoría de primeiro nivel as instalacións axudou a tomar esta decisión. O conxunto albivermello xogará un total de seis partidos que servirán de preparación para a tempada 2024/25 en Primeira Federación. Dos seis partidos dous xogan como locais, o primeiro tivo lugar en Vilalba, conta o Deportivo, e o outro será en Pol. No resto tócalle aos lugueses viaxar ao Vao, Portonovo, Xinzó de Limia e Pasarón.

SD POL. Será esta unha das actividades deportivas que animarán o programa estival na localidade e antes de que o club local comece a súa preparación de cara á nova tempada na que xogará en Preferente logo do ascenso.



Por outra banda, a SD Pol continúa co seu obxectivo de manter a escola deportiva trala posta en marcha do equipo xuvenil e de varios de fútbol 8. Polo tanto xa está aberto o prazo para inscribirse no club cara a nova tempada, que corresponden a nenos nados entre os anos 2017 e o 2009. A captación de xogadores está aberta para nenos e nenas destas idades de toda a comarca de Lugo e a Terra Chá.

As persoas interesadas poden inscribirse no correo sociedadeportiva-pol@gmail.com onde tamén se lles informará das condicións e proxecto que teñen en marcha no club.



TORNEO DO PÁDEL. Pol acollerá no mes de agosto o primeiro Torneo de Pádel, organizado en colaboración co Concello de Pol. Este terá lugar entre os días 8 e 11 de agosto e o prazo de inscrición xa está aberto. Haberá dúas categorías masculinas, con 8 e 16 parellas de máximo, e outra feminina cun máximo de 8 parellas. A inscrición é de 40 puntos por parella. Para anotarse hai que facelo con Fernando (689 653 251) e Izan (636 728 460). Haberá premios que van desde lo 170 puntos e trofeo para o gañador e 85 para o segundo, na primeira categoría ata os 100 e 50 para as outras dúas.



Adri, fichaxe estrela do Forma-t Vilalba FS sénior

O CEO do Grupo Forma-t Vilalba, Iván Fernández, recibiu nas instalacións da empresa a Adri, o novo xogador do equipo e fichaxe estrela da tempada.

Adri, coñecido como o Mago de Ferrol, foi internacional absoluto con España e designado coma un dos mellores xogadores nacionais dos últimos anos.

Durante a súa dilatada carreira militou en equipos coma Azkar Lugo, El Pozo Murcia, Sport Club KPRF ruso e recentemente no Parrulo Ferrol, ademais de gozar de premios individuais e colectivos no seu palmarés. Foi internacional con España e levou o título de mellor á LNFS na tempada 2019/2020. Tamén gañou a Supercopa de España (2012,2014), a Copa

del Rey (2016), a Recopa de Europa (2005) e as copas Xunta e Presidente FFRM en varias ocasións.

Na recepción estivo acompañado polo presidente do club, Álvaro Fraga, e polo director deportivo, Kini Martínez.

Ademais de Adri, tamén se confirmou, polo momento, a chegada de Dani González e Alonso.

Renovaron no equipo os pivotes Antón, Kevin Chis, ademais de Diego Táboas, Simón, Diego Fariñas, Dani Quintela, Isma con César e Tini na porta. Seguirán todos ás ordes de Kini, o técnico lucense artífice do ascenso á Segunda División do equipo feminino e da Segunda División B do masculino. Cumprirá a sexta tempada no club.



Ampla participación en Robra na VF Challenge MR Outeiro II de motos

A VF Challenge MR Outeiro II de motociclismo rematou no circuíto de Robra cunha ampla participación. Na categoría de GP Sport, el gañador da modalidade de dous tempos foi José Luis González, ao que seguiu Salvador Dafonte. En catro tempos o gañador foi Marcos Díaz, por diante de Hugo Rodríguez e Txas Lago.

Na categoría de Minimoto 190 o gañador foi Maikel Diéguez, colocándose en segundo lugar Daniel Gantes. Ademais, en 160 foron Javier Acebedo, Javier Rubio e José Luis González os primeiros clasificados. Fran da Silva foi o vencedor en Mini

GP 110, mentres que segundo foi Martim Simao e a terceira foi para Jorge Bautista. En 160 a vitoria foi para Óscar Pena, que superou a Joao Cancelinha.

En Minimoto 190 o podio estivo formado por Martín Portela, no máis alto, e Joao Cancelinha e Unai Pérez. Na proba de Minimoto gañou Martín Portela, por diante de André Lago e Luca Piñeiro.

Finalmente, en Supermoto Miguel Ángel Fernández levouse o primeiro premio nas dúas mangas. Na primeira tamén venceu Alejandro Blanco e José Ucha, e na segunda intercambiaron posicións.

Dúas carreiras populares, en Meira e Os Vilares, para o 10 de agosto

O Concello de Meira convoca a quinta edición da Carreira Popular Vila de Meira, que terá lugar o sábado 10 de agosto na vila a partir das 18.00 horas e con chegada á praza do Concello.

Esta cita deportiva contará cunha carreira absoluta, para maiores de 16 anos, que percorreren 5,2 quilómetros, establecéndose tamén carreiras para as distintas categorías para os menores, que van dende os pitufos, para os nados entre 2020 e 2022, ata a de cadete, para os de 2009 e 20010.

As carreiras darán comezo desde as 18.00 horas para os máis pequenos con saídas cada 5 ou 10 minutos e percorridos que van dende os 500 metros para os máis pequenos ata os 3 quilómetros dos cadetes.

A competición de adultos ten a súa saída ás 19.15 horas. Tamén se celebrará unha andaina na honra a Mercedes García (Merche), que fará o mesmo percorrido que a carreiras e saíran quince minutos antes.

A organización establece un prezo de inscrición só para os da absoluta que é de 5 euros para os que se apunten antes do 1 de agosto, despois será de 7 euros. O prazo remata o 5 de agos-



to. Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaránse o día da proba na praza do Concello de 12:00 a 18:00 horas.

Os premios consistirán en trofeo para os tres primeiros homes e as tres primeiras mulleres da xeral e trofeo ou medalla para os tres primeiros de cada categoría.

OS VILARES. Tamén o 10 de agosto celebrarase a XXXII Carreira Popular Os Vilares de Guitiriz coincidindo coa celebración da Romaría Labrega da Chaira.

A proba comezará ás 11.00 coa recollida de dorsais, e ás 12:30 arrancará a categoría absoluta que será de 5 quilómetros, e na que haberá diferentes categorías, A (ata 29 anos), B

(de 30 a 42 anos), C (de 43 a 55 anos) e D (máis de 55 anos).

Ás 13:15 será a quenda das carreiras infantís coas categorías E (2109 e posteriores), F (2016 a 2018), G (2009 a 2011), H (2011 a 2013) e I (2009 a 2011).

Ao rematar as diferentes probas farase entrega dos premios para os mellores participantes, ademais do agasallo conmemorativo para todos. Os premios serán para o primeiro atleta local e o gañador ou gañadora da carreira absoluta.

Haberá avituallamento final para os atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización. Para participar é preciso inscribirse antes do 8 de agosto na páxina web de championchipnorte.com.

COLABORACIÓN

A habitante cen mil

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Recentemente asistimos a unha nova que se deu a coñecer a través dos diversos medios de comunicación, a chegada ata os cen mil habitantes no concello de Lugo. Levaban as autoridades locais ansiando alcanzar esa cifra no seu correspondente padrón municipal desde hai varios anos, xa que dito feito suporá subir algún chanzo. En primeiro lugar, o número de concelleiros, que pasarán a ser dous máis. En segundo termo, o máis importante, é que as subvencións a recibir doutras administracións deberán ser maiores tras este aumento de poboación, de aí a importancia de acadar este obxectivo.

E a persoa a quen lle correspondeu a honra de ser a habitante cen mil é alguén chegada de lonxe, concretamente de Cuba, unha muller de nome Janisel. E aí está a clave, nunha

realidade social que está a modificar a paisaxe humana, non só das urbes, senón tamén de vilas e aldeas galegas, onde tamén se visualiza o fenómeno da chegada de xentes doutras latitudes onde as condicións de vida son polo xeral duras e as expectativas no futuro, máis ben escasas. Esas son as principais motivacións que levan ás persoas deixar o seu terruño e embarcarse cara outros destinos. Anda que non sabemos os galegos o que significa tomar esa decisión...!. Sobre a evolución da poboación na Galicia interior, moito se ten falado e escrito. Non precisamos acudir ós datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) para dármolos conta de como cambiou o panorama dunhas décadas para acá. Todos temos memoria e lembramos, os que formamos parte da denominada xeración “Baby boom” –os que temos entre 57 e 47 anos-, aqueles autobuses ategados de pequenos e mozos cara a escola ou o instituto. Colexios que se atopaban nas respectivas capitais

municipais tras absorber as antigas escolas unitarias espalladas polas distintas parroquias, onde os seus patios se poñían ategados de nenos na hora do recreo, ou ata incluso había que organizar dúas quendas no comedor porque non cabían todos xuntos. Pero iso foi historia; ano tras ano asistimos a unha mingua continuada de veciños, o que conleva un progresivo avellentamento das nosas comunidades. Obsérvase algún brote verde e nalgún concello é certo que se produciu un aumento da natalidade, pero resulta insuficiente para paliar o desastre demográfico que estamos a vivir. E ben nos cadra deses inmigrantes que os estamos a ver traballando en explotacións gandeiras ou no sector da madeira, ademais doutros campos como a hostalaría e os servizos de atención domiciliaria. A eles e a elas, e por suposto ás súas familias, nenos, nenas e adolescentes que chegan con outra cor na pel, diferenciándoos tamén na lingua, cultura, hábitos e costumes,

O RECUNCHO DE CANELINA



debémolles que os nosos padróns municipais non baixen aínda máis. En Lugo, unha cubana foi a habitante cen mil. A capital da provincia posiblemente siga sumando, mentres os

concellos do interior, agás as cabeceiras de comarca e algunha excepción máis, seguirán perdendo xente por moito que se pretenda disimular. É o que hai, lamentablemente.

No pasamento de dous grandes amigos

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Estaba escribindo un artigo sobre a malla, ese duro traballo que os nosos labregos sabían converter en festa, coa intención de entregalo este mes de xullo, pero dúas malas noticias fixéronme deixar ese escrito para mais adiante e dedicarlle este a dous grandes compañeiros, amigos de traballo e loita social durante unha parte importante do meu longo labor sindical en Altos Hornos de Vizcaya e, mais tarde, na loita do Movemento de Pensionistas de Euskal Herria por unhas pensións públicas dignas para todos os xubilados e pensionistas. Dous compañeiros que ben merecen que os lembre neste pequeno e sinxelo, pero sentido escrito.

Solemos dicir que sempre se nos van os mellores, pero iso non é certo; vanse e irémonos todos, os bos, menos bos e os malos, o que pasa é que dos últimos so se acorda algún familiar, pero dos bos e xenerosos que fala o noso himno sempre sentimos a súa falta todos os que tivemos re-

lación con eles e este é o caso destes dous amigos e compañeiros.

O pasado 10 de xullo faleceu en Iruña José Antonio González Llinares, coñecido tamén por “Calderilla”, pois el mesmo nos contaba porque lle chamaban así. Dicía que fora na mili, porque a pesar da súa baixa estatura seica se puxo en primeira fila e cando o viu o capitán díxolle: La calderilla para atrás. A partir daquela chamáronlle Calderilla, pero nunca lle pareceu mal e case presumía do alcume.

A finais dos anos oitenta e primeiros dos anos noventa do século pasado, os traballadores de Altos Hornos de Vizcaya démonos conta de que o Goberno de Felipe González e a Unión Europea nos querían pechar os fornos altos de Barakaldo e Sestao, polo que os traballadores decidimos loitar contra esa decisión que desfacía 5.000 postos de traballo e nos deixaba sen a maior industria da marxe esquerda da ría do Nervión. Nesa loita José Antonio foi moi activo, pois era consciente de que debido ao peche tería que emigrar. Acudiu a todas as manifestacións e protestas e cando en 1992 organizamos a “Marcha de Hierro”, o 9 de outubro, xunto con outros cincocientos traballadores, colleu tamén a

estrada cara a Madrid para protestar por esa decisión, chegando a capital do reino 17 días despois.

Non puidemos facer cambiar de opinión a Felipe nin a eses tecnócratas europeos, pero ELA-STV e os dous sindicatos estatais firmaron por unha “miniacería” que daría traballo so a 400 persoas. Así que o 2 de xullo de 1996 fíxose a última colada do forno Mari Ángeles de Sestao e o 9 de xaneiro de 1997 tivo que trasladarse a Barañain, para traballar na factoría que Ensidesa tiña en Berrioplano. Non o volví ver desde que se foi, pero sempre o lembrei e preguntaba por el a algún compañeiro tamén trasladado.

Santiago López Hernando, “Bobi”, faleceu en Cruces o pasado 14 de xullo pola tarde. Tiven o gusto de coñecelo aló polo ano 1982, cando o meu fillo, que daquela tiña dez anos, empezou xogar no Santurtzi Club de Fútbol, no que el formaba parte da directiva. Sempre tivo moito cariño a todos os xogadores, en especial aos nenos que empezaban, pero tamén cando pasaban a outra equipa de superior categoría, polo que tamén el gozaba do cariño dos rapaces.

Era un verdadeiro activista social que estaba en todas as asociacións po-

pulares e deixou pegada nun longo ronsel de actividades: Coral do “Bihotz Gaztea” (Corazón xove), montañismo, fútbol ou remo; era solidario con todas as loitas obreiras e sindicais, contra as guerras do imperialismo e polo dereito das nacións sen estado a decidir o seu futuro. Estaba sempre en primeira fila, ondeando a ikurriña e a pancarta reivindicativa do Movemento de Pensionistas, por unhas pensións dignas para todas as persoas maiores e incluso lle quedaba tempo para cuidar unha horta que tiña no monte Serantes.

Como me atopaba na Galiza, os compañeiros e compañeiras dese Movemento enviáronme un vídeo da improvisada e merecida homenaxe que lle fixeron ás poucas horas do seu falecemento, que superou moito as miñas previsións. Tamén me enviaron o vídeo da multitudinaria despedida que lle fixeron no tanatorio, no que puiden comprobar o cariño que lle tiñan os veciños de Santurtzi, Portugalete, Sestao e Barakaldo a este santurtziarra.

Quixera rematar este artigo con unha poesía traducida ao galego, que compuxo o noso compañeiro Karmelo, do Movemento de Pensionistas de Santurtzi e amigo del, can-



do aínda se atopaba na UCI do hospital de Cruces, da que Pedro Martín actualizou o último verso, no que Karmelo escribira un esperanzado, “De esta sales, seguro compañeiro”, cando aínda Bobi estaba vivo. Forte coma os mineiros, rudo cal mariñeiro, e intrépido montañeiro. Ata sempre compañeiro.

TERRA CHÁ

Autorizan a construción dos parques eólicos do Tesouro e Santuario

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a autorización administrativa a Enel Green Power, para a construción do parque eólico do Tesouro, de 50,4 MW de potencia instalada así como para a súa infraestrutura de evacuación. Conta con 7 aerogeneradores de 170 metros de diámetro e 115 de altura.

Esta instalación está relacionada co complexo loxístico que Enel está a tramitar, ante a Xunta, nas antigas instalacións mineiras de Portorribo, cun investimento de máis de 70 millóns de euros e que suporá a creación de 34 empregos directos e 44 indirectos no municipio.

Desde o Concello das Pontes, o rexedor local, Valentín González Formoso valora positivamente esta autorización xa que “supón a constatación de que As Pontes é a referencia de xeración de enerxía tanto convencional como renovable, adaptándose ao novo modelo enerxético da UE e do Estado” González Formoso apuntou que

“non só xeraremos enerxía, senón que imos enfrontar o maior reto de cara ao futuro: almacenala” e explicou que “as plantas de hidróxeno e bombeo reversible terán un papel fundamental neste ámbito, converténdonos nunha referencia nacional do almacenamento e dixitalización da capacidade enerxética do sistema eléctrico”.

Por outra banda, o rexedor sinalou a importancia do sector eólico, “peza fundamental da industria da enerxía eólica, un sector que xera 400 postos de traballo, a través de diferentes compañías que abarcan todo o proceso desde o deseño de parques, pasando pola súa construción, transporte e instalación de equipos, e o seu mantemento.

Tamén foi aprobado o proxecto doutro parque eólico da mesma compañía, o Santuario, que comparte espazo entre As Pontes, Xermade, Vilalba e Guitiriz. Trátase dunha instalación con 161 MW, con 23 aerogeneradores de 170 metros de diámetro e 115 de altura.

Novas Xeracións elixirá novo presidente

Novas Xeracións da provincia vén de acordar na reunión da súa xunta directiva a convocatoria dun congreso extraordinario que se celebrará o vindeiro venres 6 de setembro para elixir novo presidente.

Os membros da xunta directiva provincial tamén designaron como responsables do Comité do Congreso a

Roberto Fernández, Silvia García e Santiago Amedo.

O prazo da presentación de candidaturas remata o mércores 7 de agosto. As candidaturas deberán contar co aval dun mínimo de 25 sinaturas de afiliados ou afiliadas. A campaña electoral interna estenderase do 10 ao 30 de agosto.

Unións Agrarias denuncia un plan da industria para baixar o prezo do leite

“En cuestións de semanas arredor de mil granxas lácteas poden quedar sen recollida de leite”. Así o denuncia Unións Agrarias, que asegura que o que en principio semellaba un problema limitado á Montaña Lucense comeza a estenderse polo conxunto da Comunidade. A organización condena o que “a todas luces semella un intento por forzar unha reconversión do sector vía ameazas que, se as administracións non toman cartas no asunto, rematará por deixar fóra de mercado e levar ao peche ás explotacións máis pequenas”.

Entorno a 1.000 explotacións poden verse afectadas polo que para Unións Agrarias é, sen lugar a dúbidas, “unha estratexia para forzar unha nova rebaixa no prezo do leite ás explotacións máis pequenas. Empregando argumentos peregrinos sen base xurídica relacionados coas dificultades de acceso para os camións, o manexo ou o modelo de traballo as granxas, as industrias están anunciando ás granxas de menores dimensións a súa intención de cancelar a recollida do leite a partir do 1 de agosto.

BOLSAS CAIXA RURAL



A Fundación Caixa Rural Galega Tomás Notario Vacas fixo entrega das bolsas de estudos de posgraduado mediante as cales a Fundación dotará economicamente da totalidade do custo da matrícula e aloxamento durante os meses que dure o máster no país de destino. As bolsas foron para Alejandra López, Belén Sanfiz Cadórniga e Carmen Fuentes González, que estudarán en París, Italia e Portugal.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COSEPITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRÍOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02	CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	TELÉFONOS DE INTERESE Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062	VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
			XERMADE Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Cospeito: A Ruta das Fontes

Trátase dun percorrido sinxelo e curto que comunica os cinco mananciais, con inicio e fin na Lagoa

A ruta por excelencia de Cospeito é a Ruta da Lagoa, un percorrido sinxelo e curto nunha paraxe natural case inédita en Galicia, situada nunha das zonas húmidas máis importantes. A súa relevancia é tal que deixa un pouco apartadas a outros percorridos menos utilizados pero de gran beleza.

Unha desas rutas é a das Fontes, unha fermosa ruta na que en apenas nuns centos de metros pásase do espeso bosque de castiñeiros, carballos e bidueiros, a gozar das fermosas vistas da Terra Chá que se observan desde o alto do Miradoiro da Feira do Monte.

E para finalizar penetra ao camiñante no fermoso ecosistema que forma A Lagoa de Cospeito no que habitan centos de especies dos cinco reinos, aínda que é a fauna acuática a que atrae máis visitantes.

Do centro de interpretación da Lagoa de Cospeito sae unha ruta que comunica as principais fontes e mananciais que rodean este ecosistema. No traxecto que une o Centro de Interpretación co observatorio de aves atópase a Fonte da Lagoa, a primeira das cinco que se verán ao



DATOS



2 horas



6-7 quilómetros



Dificultade baixa

longo do camiño.

A lagoa de Cospeito está rodeada por unha senda circular duns 3 quilómetros na que hai catro observatorios de aves. Desde estas torres de madeira pódense ver e escoitar as especies acuáticas que elixen a lagoa como refuxio.

Seguindo antigas vereas achegámonos á Fonte de San Paio, en Sistallo. Preto dela, atoparemos no

medio dunha carballeira a Capela de San Paio dos Redos. Esta pequena igrexa foi trasladada desde a súa antiga situación, sobre o Castro de San Paio e reedificada no ano 1968 neste lugar.

Antes de seguir camiño podemos visitar tamén o Pazo de Sistallo, que non queda moi lonxe e despois podemos volver á ruta circular.

Á volta, o camiño pasa por diante do

Museo das Aves de Cospeito, edificio municipal dedicado á divulgación e conservación das especies aladas que proliferan neste territorio. Para coñecelo é necesario programar a visita.

A ruta penetra no bosque ata a Fonte de Felín e continúa ata a Fonte da Ramalleira, esta separada do itinerario circular, que se deixará uns centos de metros antes de

volver ao percorrido circular polo mesmo camiño para chegar á última fonte do itinerario, que está envolta pola lenda e a tradición xacobeá. Trátase da Fonte da Virxe. Nela din que ao chegar á Feira do Monte, moitos peregrinos paraban para asearse antes de seguir camiño a Compostela.

Logo de visitar esta fonte chégase de novo ao lugar de inicio.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05